

Como ensinar a lingua e a literatura galega a través dos refráns¹

How to Teach Galician Language and Literature through Proverbs

Luis González García

Universidade da Coruña / Grupo Hispania²

<https://orcid.org/0000-0003-4335-6528>

luis.gonzalezg@udc.es

Resumo: Neste traballo analízanse as posibilidades que ofrece o refraneiro no ensino da lingua en contornos escolares obrigatorios, especialmente no ensino secundario. Nun primeiro momento inténtase enmarcar o refrán con respecto a outros tipos de unidades fraseolóxicas (colocacións, locucións, fórmulas, mesmo citas), para determinar as súas peculiaridades neste ámbito. De seguido, analízanse as características dos refráns desde o punto de vista lingüístico para determinar se, de acordo con esas propiedades intrínsecas, a lingua das paremias pode ser considerada como modelo de ensino da lingua común. Finalmente, na última parte do artigo, ofrécense actividades encamiñadas ao desenvolvemento da competencia paremiolóxica do alumnado (para que poida acadar o mínimo ou o óptimo paremiolóxico) así como exercicios nos que se aproveitan os refráns para a mellora da competencia lingüística e literaria. Trátase de actividades organizadas segundo diferentes parámetros: léxico, gramática, semántica, pragmática, variación lingüística, multimodalidade, figuras literarias etc.

Palabras clave: galego, refráns, paremioloxía, fraseodidáctica.

Abstract: This paper aims to examine the possibilities that proverbs offer for teaching mother tongue in compulsory education environments, especially in secondary school. First, we tried to characterize sayings with respect to other types of phraseological units (collocations, idioms, formulas, even quotations), to determine their peculiarities in this field. Later, the characteristics of proverbs are analyzed from the linguistic point of view to determine if, according to these intrinsic properties, the language of proverbs can be considered as a teaching model of the common language. Finally, in the last part of the article, we include many activities focused on the development of the paremiological

¹ Data de recepción: 04.06.2019. Data de aceptación: 06.09.2021.

² Este artigo é unha versión desenvolvida do relatorio presentado no Museo Pedagóxico Galego o cinco de maio de 2018 no marco das *Xornadas de Fraseoloxía Multilingüe na Aula* organizadas por Carmen Mellado Blanco e M^a Isabel González Rey, ás que agradezo a invitación.

competence of the students (so that they can reach the paremiological minimum or the paremiological optimum), as well as exercises in which proverbs are used to improve the linguistic and literary competence. These are activities organized according to different parameters: lexicon, grammar, semantics, pragmatics, linguistic variation, multimodality, rhetorical devices, etc.

Keywords: Galician, proverbs, paremiology, teaching materials.

1. Introducción

Os refráns constitúen un compoñente significativo dentro da competencia dos falantes dunha lingua: saber usalos no seu contexto axeitado ou ser quen de modificalos constitúen unha proba fiable da inserción dunha persoa na súa comunidade lingüística. Pero, máis alá do coñecemento lingüístico, o dominio dos refráns implica tamén a integración nunha comunidade cultural (á que os refráns pertencen xunto con outras manifestacións folclóricas como son as lendas, contos, cantigas, recitativos, adiviñas, trabalinguas etc.).

Antes de entrar en materia e para continuar con esta introdución, quixeramos precisar na súa xusta medida a importancia do refraneiro na sociedade actual e, consecuentemente, na docencia. No ámbito da Fraseodidáctica, disciplina aplicada derivada do tronco teórico da Fraseoloxía (e neste caso, tamén da Paremioloxía) son constantes as alusións á importancia que teñen as unidades fraseolóxicas, entre elas os refráns, nos contidos curriculares (sexa na docencia da lingua primeira ou dunha lingua estranxeira). Con todo, tampouco escasean as alusións á perda deste coñecemento ancestral nas novas xeracións tanto no uso como no coñecemento pasivo (Zurdo e Sevilla, 2016: 11, Barcia e Pauer, 2013: 33):

[...] el resultado es siempre el mismo. Los refranes que conocen son, casi sin variación: “Más vale pájaro en mano que cien volando”, “En casa de herrero, cuchillo de palo”, “A caballo regalado no se le miran los dientes”, “Cree el ladrón que todos son de su condición”, “En boca cerrada no entran moscas”, “Dios los cría y ellos se juntan”, “Dios da pan a los que no tienen dientes”, “Al que madruga Dios lo ayuda”, y... no alcanzan la decena, de los mismos siempre. En cuanto a señalar los que usan, confiesan que casi ninguno (Barcia e Pauer, 2013: 33).

A cita anterior mostra tamén que a pervivencia dos refráns varía segundo a tipoloxía. Os *morais* ou de *alcance xeral* (Sevilla e Barbadillo, 2004: 196) presentan maior pervivencia que os de alcance restrinxido, como son os *laborais* e *instrumentais* (meteorolóxicos, agrícolas, de oficios etc.):

Los refranes de alcance general (...) por referirse a “constantes universales del ser humano”, como familia, sociedad, amor, amistad, virtudes y vicios, muerte (...) son fácilmente adaptables a situaciones muy distintas en el espacio y en el tiempo porque no están ligados situaciones concretas definidas por el espacio y/o el tiempo, lo que facilita su pervivencia en la actualidad. En cambio, los refranes

de alcance reducido están vinculados a situaciones claramente marcadas por las circunstancias espacio-temporales en las que se originaron, circunstancias que han dejado de ser determinantes de la cultura y la sociedad modernas (Zurdo e Sevilla, 2016: 54, n. 72).

Aceptada a necesidade de promover a competencia activa e pasiva do refraneiro, ofreceremos neste traballo unha achega eminentemente práctica na que intentaremos poñer de manifesto as posibilidades que o refraneiro nos reporta para o docencia da lingua e literatura no ensino medio. Para levar a cabo este labor, organizaremos o contido nestes tres apartados xerais. En primeiro lugar (§ 2. *O lugar dos refráns na lingua. A docencia dos refráns*) ocuparémoo dos refráns como obxecto de estudo de seu, dado que os refráns tamén son lingua, forman parte do repertorio lingüístico dunha lingua. Na segunda sección (§ 3. *Os refráns e o ensino da lingua*) cambiaremos de perspectiva, de xeito que analizaremos as principais características dos refráns para podelas utilizar na mellora do uso lingüístico do alumnado en distintos niveis de análise (sintáctico, semántico, morfolóxico, pragmático, dialectal etc.). Finalmente, o terceiro apartado (§ 4. *Os refráns no ensino da literatura*) estará dedicado a distintas facetas da docencia da literatura.

2. O lugar dos refráns na lingua. A docencia dos refráns

2.1. O discurso repetido. As unidades fraseolóxicas

E. Coseriu (1977: 113-118) diferencia entre o que denomina “técnica do discurso” e “discurso repetido”. A técnica do discurso é a principal manifestación da competencia lingüística dos falantes, do que os gramáticos denominan “creatividade lingüística”, mediante a cal, partindo dun número limitado de unidades e das regras de combinación, podemos elaborar un número infinito de oracións ou expresións lingüísticas.

Pero nunha lingua histórica non todo é creatividade. Coseriu sinala:

Las tradiciones lingüísticas distan mucho de contener sólo “técnica para hablar”: contienen también “lenguaje ya hablado”, trozos de discurso ya hecho y que se pueden emplear de nuevo, en diferentes niveles de la estructuración concreta del habla (Coseriu, 1977: 113).

Entre esas pezas creadas por outros falantes anteriores que nós reutilizamos figuran oracións, citas, reclamos publicitarios, lugares comúns, determinadas fórmulas, conxuros, adiviñas etc. Desta listaxe deducimos que moitas destas unidades discursiva teñen un carácter máis cultural que lingüístico (citas, reclamos publicitarios, recitativos...) mentres que outros forman parte do coñecemento propiamente lingüístico dos falantes:

- (1) *Fulano non dá puntada sen liña.*
- (2) *Ese non é home nin farrapo de gaita.*
- (3) *Amigos, amiguiños, pero a vaquiña polo que vale.*

Estas secuencias lingüísticas constitúen o que en xeral podemos denominar unidades fraseolóxicas (UF), fraseoloxismos ou frasemas. As unidades fraseolóxicas son, por tanto, unidades lingüísticas plurilexemáticas/pluriverbais (é dicir, formadas por máis dunha palabra) fixadas polo uso e institucionalizadas nunha sociedade. Esa fixación, que é gradual, maniféstase nas súas propiedades morfolóxicas, sintácticas e semánticas (a idiomaticidade), cuestión interesante sobre a que non nos podemos deter e que está de sobra analizada na bibliografía xeral desta disciplina.

Si nos interesa un pouco máis determinar o lugar que ocupan os refráns no ámbito da fraseoloxía e analizar cales son as características que os diferencian doutras unidades fraseolóxicas. Este punto choca con algunhas dificultades provocadas, dunha parte, polo uso dunha terminoloxía imprecisa (problema común noutras áreas lingüísticas), que non fixa con claridade os límites entre *refrán*, *paremia*, *proverbio*, *máxima*, *adaxio*, *dito*, *sentenza* e outros termos utilizados (Crida e Sevilla, 2015, Conde Tarrío, 2001: 36-42) e, doutra parte, polo feito de que as clasificacións manexadas no ámbito da fraseoloxía, como sucede noutros niveis lingüísticos, soen pecar de incoherencia ao mesturar criterios de diferente tipo (formais, funcionais, pragmáticos etc. Remito a Álvarez de la Granja 2003 para unha análise máis detallada desta cuestión).

Sen poder profundizar no asunto, para o noso propósito resúltanos útil a clasificación de UF realizada por Corpas (1997: 52), na que se diferencian tres esferas neste ámbito: colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos (figura 1):




Figura 1. Corpas 1997: 52.

Obsérvase que nesta clasificación o primeiro criterio que se ten en conta é funcional: dunha parte diferéncianse unidades que poden funcionar autonomamente como enunciados (*Boas noites!*), por oposición ás colocacións (*noite pecha*) e ás locucións (*facen noite [nun sitio]*), que desempeñarán unha función determinada dentro dun enunciado, función

equivalente á dun nome (*noite pecha*), un adxectivo (*traxe de noite*), un adverbio (*á noite*) ou mesmo un verbo (*facer noite [nun sitio]*).

Posto que partimos da función e non da constitución interna das unidades, esta terceira esfera (como as outras dúas) poderá estar ocupada por unidades de diferente composición e, mesmo, de diferente función pragmática: unha fórmula rutinaria pode ter unha estrutura tan sinxela como *boa(s) noite(s)* ou tan complexa como (4)-(9):

(4) *Pradica, meu frade, que por un oído me entra e por outro me sale.* (Ventín, 2007: 248)

(5) *O sábado á noite, María, dáme a roca; o domingo á mañá dáme a la.* (TCh: 117)

(6) *Alá vai, alá vai, o burro tras da nai.* (TCh: 117)

(7) *¡Alegría, alegrote que está o rabo do porco no pote!* (TCh: 117)

(8) *Morra o conto e veña un neto.* (TCh: 117)

(9) *¡Vaite ó inferno que é terra quente!* (VS: 917)

Dentro dos enunciados fraseolóxicos, Corpas (1997: 132-133) diferencia entre fórmulas rutinarias e paremias. O refrán é a paremia por excelencia, segundo indican moitos autores. Desde Arnaud (1991), utilízanse os seguintes criterios para delimitar con claridade as características dos refráns fronte as outras unidades da terceira esfera (Corpas, 1997: 136, Álvarez de la Granja, 2003, Manero Richard, 2011: 29-98)³:

1. Lexicalización
2. Autonomía sintáctica
3. Autonomía textual
4. Valor de verdade xeral
5. Carácter anónimo

Xunto con estas características xerais, cabe sinalar a presenza doutras de carácter formal ou secundario (condensación, rima, ritmo, presenza de arcaísmos, bimetración etc.⁴) que tamén nos serán útiles para o noso propósito, polo que retomaremos cada unha destas propiedades no apartado correspondente, para tirar proveito delas na didáctica da lingua.

2.2. O lugar dos refráns na lingua

Este traballo céntrase no uso dos refráns na docencia da lingua e a literatura, pero cremos que tamén é necesario mostrar algunhas actividades para a docencia dos refráns mesmos, pois tamén eles son lingua. As paremias son unidades lingüísticas como o son as palabras ou as locucións e, noutro nivel, os fonemas, os morfemas, as frases (ou sintagmas), as cláusulas (ou oracións) etc.

³ Algunhas das características que aquí se mencionan –pero non todas– coinciden coas que Sevilla (1988: 218) asigna ao refrán, de acordo coa súa coñecida definición: “Aquella unidad funcional mencionada en competencia y que se caracteriza por los rasgos siguientes: brevedad, carácter sentencioso, antigüedad, unidad cerrada y engastamiento.”

⁴ Manero Richard (2011:129) organiza estas características de acordo cunha matriz de rasgos, uns necesarios (Tradicionalidad, Condensación, Relativa forma fija, Genericidad, Contenido sentencioso, Entidad textual) e outros opcionais, mais frecuentes (Rima, Supresiones, Arcaísmos, Bimetrismo, Ritmo marcado, Sintaxis recurrente, Figuras retóricas, No particularización temporal, Idiomática, Humor).

No apartado anterior aludimos a unha serie de características propias dos refráns (enunciado, acto de fala, autonomía sintáctica) que nos levarían a considerar unha relación directa entre refrán e sintaxe, pois os refráns teñen unha estrutura básicamente oracional (sexa oración simple ou composta):

(10) *O que de moitos é temido a moitos ten que temer.*

(11) *Colle o tempo conforme vén, se outra cousa non podes facer.*

Ao tempo, cremos que os refráns, como as restantes unidades fraseolóxicas, manteñen tamén, aos efectos didácticos, unha relación estreita co estudo do léxico, pois todas elas pertencen ao que podemos denominar unidades de inventario, por oposición a unidades de creación:

Unidades de creación: como as oracións (non existe –por definición– unha listaxe de oracións de cada lingua).

Unidades de inventario: morfemas, palabras, locucións, refráns...

Como sinala Molina Redondo (1985: 519): “el hablante no ‘dispone’ de oraciones, sino de modelos para construir oraciones; estos modelos conllevan una serie variada de procedimientos”. Saber falar consiste en saber utilizar esas regras gramaticais para crear ou interpretar oracións nunca oídas. Esas regras aplícanse sobre as unidades de inventario (como as palabras ou os refráns), é dicir, unidades ás que temos acceso mediante o proceso de memorización a partir dunha listaxe que aprendemos polo uso (e está dispoñible en repertorios como son os dicionarios ou, no noso caso, os refraneiros)⁵.

2.3. O mínimo paremiolóxico

Do anterior deducimos, que a riqueza lingüística dun falante está composta dunha serie de unidades de inventario (palabras, locucións, refráns...) que aprendemos a usar, axudamos a transmitir, pero non creamos. Deste xeito chegamos á conclusión de que, do mesmo xeito que existe un vocabulario mínimo necesario para os diferentes niveis de ensinanza (léxico dispoñible, léxico fundamental), tamén debe existir un *vocabulario* de refráns axeitado a cada nivel de estudo. Así, o alumnado deberá desenvolver unha competencia paremiolóxica formada polas paremias que ha de saber utilizar ou recoñecer (dispoñibilidade activa e coñecemento pasivo). Chegamos así ao concepto de *mínimo paremiolóxico* (e os seus correlatos: *ótimo paremiolóxico*, *máximo paremiolóxico*), que todo falante (incluído o escolar) debe dominar.

Certamente, os refraneiros así como moitos dicionarios xerais están elaborados por acumulación a partir de repertorios anteriores, podendo incorporar dúcias de milleiros de palabras ou refráns de uso moi limitado (paremias arcaicas, desusadas, localismos

⁵ Como sinalamos arriba, a distinción non é absoluta, pero non se aparta demasiado da realidade. Por exemplo, os falantes tamén utilizamos regras para formar palabras (RFP), pero é evidente que, como sinalan os gramáticos xerativistas, falar consiste en crear e interpretar constantemente oracións nunca oídas, en tanto que a nosa capacidade de crear palabras novas é ocasional e limitada.

de reducida extensión conviven con outras unidades de maior frecuencia). Determinar o mínimo paremiolóxico esixe, pois, un arduo labor de investigación estatística.

Non nos podemos deter aquí no concepto de mínimo paremiolóxico nin nos procedementos para fixalo (remito a Zurdo e Sevilla, 2016, ou Tarnovska, 2004, para maiores precisións). Con frecuencia, as investigacións neste ámbito están enfocadas ao ensino de linguas estranxeiras. No caso do Español/lingua estranxeira, Campo Martínez (2001) fixou un número de 77 paremias, que Tarnovska (2004) elevou a 250, en tanto que Penadés, Penadés, He e Oliveira (2008) rebaixaron de novo a 70, número que Gómez e Ureña (2014) reduciron aínda máis a 52 (niveles B2 y C1).

Non contamos cun mínimo paremiolóxico para o galego. Na serie “Mínimo paremiolóxico” da *Biblioteca fraseolóxica y paremiolóxica* (Instituto Cervantes) está anunciada a publicación de *El mínimo paremiolóxico español*, por Sevilla e Barbadillo (no prelo) e a preparación do volume correspondente ao galego, ao portugués (Sabio e Díaz, 2018) e a outras linguas. Ata que esta contribución sobre o galego saia ao prelo, podemos acudir a estudos interesantes baseados tamén en enquisas ou estatísticas, como son o “Refraneiro escolar galego do cambio de milenio” (Prieto Donate, 2009), realizado por esta investigadora a partir de enquisas escolares (sete centros, con 4.072 fichas elaboradas polos alumnos tras consultar con familiares), e o *Refraneiro galego máis frecuente*, de X. Ferro Ruibal (2002), confeccionado sobre unha base considerable de 60.000 fichas.

No traballo de Prieto Donate podemos acceder ao seguinte cadro no que compara os resultados das 20 paremias máis frecuentes nos dous estudos (Prieto Donate, 2009: 307-308). En gris sombrea as paremias que aparecen nos dous repertorios:

Índices de frecuencia			
Refraneiro escolar (2009)		Ferro (2002) = RGF	
Refrán	Fr	Refrán	Fr
<i>En abril, augas mil.</i>	84	<i>Xente nova e leña verde toda é fume.</i>	69
<i>Can ladrador, pouco mordedor.</i>	39	<i>Home pequeno fol de veneno.</i>	60
<i>En maio aínda a vella queima o tallo.</i>	19	<i>A ovella que berra, bocado que perde.</i>	54
<i>Por san Xoán, a sardiña molla o pan.</i>	18	<i>En maio aínda a vella queima o tallo.</i>	52
<i>En san Xoán, a sardiña molla o pan.</i>	17	<i>En abril, augas mil.</i>	50
<i>Dime con quen andas e direiche quen eres.</i>	17	<i>Ano de ameixas, ano de queixas.</i>	37
<i>Xente nova e leña verde todo é fume.</i>	16	<i>Morra Marta, morra farta.</i>	27
<i>Gaivotas a terra, mariñeiros á merda.</i>	14	<i>Canta máis prèsa máis vagar.</i>	27
<i>Polo san Martiño, trompos ó camiño.</i>	13	<i>Na terra dos lobos hai que ouvear coma todos.</i>	26
<i>Entre marzo e abril sae o cuco do cubil.</i>	12	<i>Onde hai patrón non manda mariñeiro</i>	25
<i>O que non chora non mama.</i>	11	<i>Polo pan baila o can.</i>	24

<i>Abril, augas mil.</i>	11	<i>O que non chora non mama.</i>	24
<i>Non hai mal que por ben non veña.</i>	10	<i>Nunca chove como trona.</i>	24
<i>Quen mal anda mal acaba.</i>	9	<i>Non hai atallo sen traballo.</i>	24
<i>Ollos que non ven, corazón que non sente.</i>	9	<i>A muller e a sartén na cociña están ben.</i>	24
<i>Mans que non dades que esperades.</i>	9	<i>En san Xoán as nove con día dan.</i>	23
<i>Home pequeno, fol de *veneno.</i>	9	<i>En san Xoán a sardiña molla o pan.</i>	22
<i>Dime con quen andas e direiche quen es.</i>	9	<i>En cas do ferreiro, coitelo de pao.</i>	22
<i>Ano de neves, ano de bens.</i>	9	<i>Despois de san Martiño deixa a auga e bebe o viño.</i>	21
<i>A cabalo regalado non se lle mira o dente.</i>	9	<i>Val máis pequeno agudo que grande burro.</i>	19
<i>En maio, a vella queima o tallo.</i>	8	<i>Pola santa Mariña deixa a sacha e colle a fouciña.</i>	19
<i>A muller e a *sartén na casa están ben.</i>	8	<i>Na terra do meu home o que non traballa non come.</i>	19

Cando o mínimo paremiolóxico galego saia do prelo dispoñeremos de máis información para realizar actividades na aula. Ata ese momento, as dúas obras citadas anteriormente poden servir de base, especialmente o cadro que Ferro (2002: 9-11) incorpora cos 89 refráns máis frecuentes en galego.

2.4. Actividades para desenvolver a competencia paremiolóxica

Dado que, como xa indicamos, a maioría dos estudos que se ocupan da dispoñibilidade paremiolóxica soen sinalar a progresiva desaparición da competencia refraneira entre as novas xeracións, será necesario deseñar unha serie de actividades que permitan desenvolver este coñecemento entre o alumnado. No caso do galego, estas actividades son aínda máis necesarias, cremos, porque os datos que nos proporciona Prieto Donate (2009) mostran unha progresiva castelanización das paremias de uso máis frecuente. No inventario formado polas vinte e sete paremias de uso máis frecuente recollidas por esta autora (2009: 307), as concomitancias co castelán acadan o número de 13 (*Dime con quen andas e direiche quen eres; Ano de neves, ano de bens; De tal pao, tal *astilla; A quen madruga, Deus lle axuda* etc.).

Tendo en conta estas consideracións, parece necesario presentar na aula unha serie de actividades que permitan mellorar a competencia paremiolóxica do alumnado. Entre estas actividades parécennos útiles:

2.4.1. Actividades de identificación

2.4.1.1. Enquisas como as realizadas por Campo Martínez (2001) ou Tarnovska (2004) sobre coñecemento activo e pasivo do alumnado, usando para este segundo propósito repertorios fiables como RGF, para garantir a calidade da lingua.

2.4.1.2. Realización de traballos de campo por parte do alumnado, como recadativas entre familiares, veciños, xente maior etc. A ser posible cada paremia debería figurar nunha ficha con información completa (significado, contexto de uso e exemplo, fonte). En todo caso cabería indicar que, con todo ese material achegado, o profesorado implicado podería coordinar un traballo que sería moi útil para o coñecemento do refraneiro vivo ao longo do territorio galego.

Outras actividades que implican en certa medida xogo poden ser tamén útiles para desenvolver a competencia paremiolóxica:


2.4.1.3. Completar paremias das que só se ofrece a primeira parte:

Home pequeno...
Na terra do meu home...
Xente nova e leña verde...
Non sirvas a quen serviu...

2.4.1.4. Para alumnos dos primeiros niveis pódense ofrecer exercicios de emparellamento, máis sinxelos.

<i>Xente nova e leña verde</i>	<i>fol de veneno</i>
<i>Home pequeno...</i>	<i>o que non traballa non come</i>
<i>Non sirvas a quen serviu</i>	<i>nin pidas a quen pediu</i>
<i>Na terra do meu home...</i>	<i>todo e fume</i>

Existen programas en Internet de acceso libre (Ardora, Hot Potatoes, Playbuzz...) que permiten crear facilmente contidos escolares para web, incluídos exercicios de emparellamento como os anteriores e outros de distinta natureza. Mesmo é posible encargar ao alumnado que elabore actividades deste tipo, entre outras posibilidades que ofrecen as mencionadas aplicacións. As seguintes poden servir de orientación:



Imaxe 1: Exercicio realizado coa aplicación *Ardora* (http://webardora.net/index_cas.htm).

Emparella estes refráns
Exercicio de emparellamento

Arrastra as unidades da dereita ata a que lle corresponda na esquerda

A túa puntuación é 66%.
Mal. inténtao de novo.

En cas do ferreiro	c
En San Xoán	a sardiña molla o pan
Non sirvas a quen serviu	nin pidas a quen pediu
Na terra do meu home	o que non traballa non come
Xente nova e leña verde	máis vagar
Canta máis présa	todo é fume

Imaxe 2: Exercicio realizado con *Hot Potatoes* (<https://hotpot.uvic.ca/>).



Como continúa o seguinte refrán? Na terra do meu home...

non come o que moito dorme
traballan de día e dormen de noite
o que non traballa non come
todos miran polo pote

Imaxe 3: Exercicio realizado en *Playbuzz* (<https://editor.playbuzz.com/>). Como ilustración que aparece de fondo escollemos unha obra de Manuel Colmeiro.

2.4.1.5. Carácter anónimo. Os refráns caracterízanse pola posesión dun valor de verdade xeral (criterio 4, § 2.1). Moitas citas (frases célebres, máximas, aforismos) tamén posúen esta propiedade. Con frecuencia, se non coñecemos a orixe dalgunha paremia, non é doado determinar se nos atopamos ante unha cita de autor ou ante un refrán popular. Neste exercicio propoñemos que, acudindo a distintas fontes de información, o alumnado sexa capaz de identificar a orixe de expresións como as seguintes (senalamos na segunda columna a solución. Os refráns están extraídos de VS):

<i>A baralla é o libro dos xogadores</i>	V S
<i>A pluma é a lingua da alma</i>	Cervantes
<i>Arrimate a quen ten i-aprende de quen sabe</i>	V S
<i>En España o mellor modo de gardar un secreto é escribir un libro</i>	Manuel Azaña
<i>Fártase un de comer e de beber e non de saber</i>	VS
<i>Libro cerrado non saca letrado</i>	VS
<i>Libro pechado non fai letrado</i>	VS
<i>Non hai libro malo que non teña algo bo</i>	VS
<i>Non hai libro tan ruín do que non se poida aprender algo bo</i>	Plinio o Novo
<i>Non hai listo que non erre nin tolo que non acerte</i>	VS
<i>O lector bo fai o libro bo</i>	R. W. Emerson
<i>O maestro Cirola non sabe ler e pon escola</i>	VS
<i>Os libros malos orixinan malos costumes e os malos costumes orixinan libros bos</i>	René Descartes
<i>Non existen máis que dúas regras para escribir: ter algo que dicir e dicilo</i> <i>Para escribir só hai que ter algo que dicir</i>	O. Wilde C. J. Cela
<i>Pra saber hai que ver ou ler</i>	VS
<i>Un bon amigo é un bon libro</i>	VS
<i>Cada cabeza, súa sentenza</i>	VS
<i>Tantos homes, tantas opinións (Quot homines, tot sententiae)</i>	Terencio

Nesta relación pódese comprobar que, nalgúns casos, é difícil determinar se estamos ante unha cita ou un refrán (é frecuente que citas antigas se convertan en refráns, como vemos coa de Plinio o Novo⁶ ou coa de Terencio), pero noutros casos non haberá dúbida:

- (12) *Libro cerrado non saca letrado.*
 (13) *Libro pechado non fai letrado.*

A relación entre refráns e citas (do máis diverso tipo: de autores famosos, citas literarias, incluídas as bíblicas ou as do Evanxeo etc.) suscita algunha cuestión importante. A diferenza básica radica, evidentemente, na autoría: as segundas teñen un autor identificable ou unha fonte coñecida, os primeiros son de “carácter anónimo” (criterio 5, § 2.1). Con todo, este punto merece algunha precisión porque tamén pode haber citas anónimas.

En principio (é un tópico nos estudos), os refráns teñen tamén un autor individual, como sucede con outras composicións folclóricas. A diferenza básica entre citas e refráns radicaría, por tanto, no xeito de transmisión: os refráns transmitense de boca en boca dentro da comunidade. O paso do tempo, como a auga sobre a pedra, vai puíndo a súa forma ata darlle o seu característico formato minimalista:


- (12) *Libro cerrado non saca letrado.*

⁶ *No hay libro tan malo –dijo el bachiller–, que no tenga algo bueno:* “Máxima que Plinio el Joven atribuye a su tío Plinio el Viejo; llegó a ser un lugar común en el Renacimiento” lemos na edición de *Don Quijote* que F. Rico preparou para a Real Academia Española (Cervantes, 1605-1615: 713, n. 61). Cervantes utilizou na súa obra dúas veces esta máxima (nos capítulos III e LIX da segunda parte), ao igual que Mateo Alemán no *Guzmán de Alfarache*.

Moitas citas están na orixe dos refráns, incluso moitas veces carecemos de datos para saber que foi primeiro, a cita ou o refrán. Mais en canto a cita se integra no saber popular verase sometida ao proceso de creación (neste caso re-creación) colectiva que a suxeitará a un molde característico de coelaboración, aceptación e absorción como produto popular (Lázaro Carreter, 1980: 211):

El debate, como todos saben, se plantea entre quienes postulan un creador individual, y quienes piensan que han sido forjados colectivamente. Problema quizás irresoluble, en el que, sin embargo, un punto parece claro: la colectividad es co-creadora (...) Y, todavía más, se adueña de las [acuñaciones] que pasan para configurarlas a su gusto.

2.4.1.6. Multimodalidade. Denominamos multimodalidade ao proceso polo cal a comunicación oral ou escrita está sendo complementada por outros tipos de soporte (visual, informático...) relacionados preferentemente co mundo das novas tecnoloxías. A linguaxe visual e a linguaxe oral teñen, evidentemente, códigos moi diferentes. Con todo, sabemos que a transferencia dun código ao outro non presenta excesivas dificultades (descrición dunha imaxe ou dun gráfico, elaboración dun debuxo a partir dunha descrición, por exemplo). No caso das UF, sen embargo, a transferencia non é tan sinxela, porque ao tratarse de linguaxe figurada, a súa interpretación esixe unha tripla decodificación (visual > verbal literal ou recta > verbal figurada), tanto máis complexa canto máis acusada sexa a idiomaticidade ou desmotivación. Algúns humoristas ou publicistas tiran moito proveito deste proceso, que tamén pode ter relevancia na educación por canto ilustra o distinto funcionamento dos diferentes códigos de comunicación.



Imaxe 4. *Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar*, VS: 735.

(Fonte: Pinto & Chinto, *La Voz de Galicia*, 19/03/2012)

Este exercicio consiste fundamentalmente en identificar os refráns aludidos nas viñetas. Tamén se pode analizar a intención con que se empregan estas UF. Por exemplo, na imaxe anterior criticáanse dúas eivas do sistema sanitario: as longas listas de espera e o copago, para o que debemos estar providos de acordo co refrán *Cando as barbas do teu veciño...*

No que se refire á docencia, os mencionados Pincho & Chinto utilizan con frecuencia e mestría ilustracións de refráns para aludir a noticias de actualidade (pódense ver máis exemplos

en González García, 2020), polo que ofrecen abundante material que permite ao mesmo tempo tratar temas de actualidade, consultar a prensa e traballar sobre coñecidos refráns. Non será difícil acudir á hemeroteca dixital para realizar actividades de recoñecemento das UF reutilizadas e análise dos recursos empregados. Útil e accesible pode ser igualmente o cadro *Proverbios holandeses* (1559), tamén coñecido como *A capa azul*, de Bruegel o Vello, no que se retrata unha escena da vida cotiá da época na que se representan máis de cen unidades fraseolóxicas, moitas universais como a que se mostra na imaxe 5:



Imaxe 5. *O peixe grande come o pequeno* (VS: 481).

Tamén nos pode ofrecer interesante material a sección que, baixo o título de *El refrán y su sombra*, confeccionou entre 1953 e 1955 para o *Faro de Vigo* o xornalista, literato e importante paremiólogo Xosé Sesto López. O material completo está dispoñible en Buján Otero (2003). Aquí ofrecemos unha selección (imaxe 6):



Nunca chove a gusto de todos.

Marzo marzán: Pola mañán cariña de rosas e pola tarde cara de can.

Imaxe 6. Xosé Sesto López. *El refrán y su sombra* (ápud Buján Otero, 2003).

2.4.2.1. Creación de novas paremias. Como outras unidades lingüísticas, as paremias nacen, multiplícanse en variantes e poden caer en desuso. O que agora nos interesa é que as paremias foron creadas e, consecuentemente, aínda se poden crear. Tarnovska (2004: 162) menciona formacións recentes como a coñecida *Mujer al volante, peligro constante*. Exemplos de paremias creadas por algúns dos colaboradores de Tarnovska (2004: 162) son as seguintes, que nos poden servir de modelo para propoñer a mesma actividade ao noso alumnado:

- (14) *Los malos son mejores que los tontos, porque los malos descansan.*
- (15) *Puedes confiar en las malas personas, no cambian nunca.*

Con actividades como a presente, o alumnado desenvolverá a expresión escrita e a creatividade, ao tempo que poderá practicar coas características que identifican aos refráns.

2.4.2.2. Modificación ou desautomatización. Outras actividades que permiten ampliar a competencia paremiolóxica do alumnado e ao mesmo tempo favorecen a mellora da súa creatividade oral ou escrita son as relacionadas coa modificación consciente de paremias máis ou menos coñecidas. Así, por exemplo, se na aula se proxecta unha película de previsible desenlace para uns atribulados personaxes, podemos comentar:

- (16) *Os guionistas apertan pero non afogan/aforcan,*

seguinto o modelo que Vázquez Saco (VS: 314) recolle como *Dios apreta pero non afoga/aforca*.

É este un recurso frecuente na publicidade, na prensa e na literatura, que comunmente denominamos *desautomatización* polo proceso que implica de reflexión sobre estruturas que se nos dan xa elaboradas:

- (17) *A reconversión comeza por un propio.* (Manuel Lourenzo [2003]: *A larva furiosa*. Ápud TILG)
- (18) *Morto o cacique, rematouse a rabia!* (Euloxio R. Ruibal [1977]: *Cousas da morte*. Ápud CORGA)

Véxanse algúns exemplos extraídos de Tarnovska (2004: 157-162), Messina (2017). Moitas delas poden levar a presentar debates de actualidade:

- (19) *A caballo regalado... Gracias!* (Tarnovska 2004: 157)
- (20) *Ojos que no ven, gabardina que te roban.* (Messina 2017: 34)
- (21) *Por la boca muere el político.* (Messina 2017: 59)
- (22) *Ojo por ojo, ojo al cuadrado.* (Messina 2017: 59)

Seguinto este procedemento, un esquema coma o seguinte (que presenta moitas variantes)

- (23) *Dime con quen/como/que... e direiche...*

pode dar lugar a resultados variados, divertidos ou máis reflexivos, como se aprecia na seguinte mostra:

(23a) *Dime con quén andas e comprareiche unhas zocas.* (VS: 549)

(23b) *Dime con quen andas e direiche de quen falabas.* (VS: 250)

(23c) *Dime con quen vas e direiche a onde irás.* (RGB: 173)

2.4.3. Actividades de competencia comunicativa

Outras características dos refráns permitirán realizar valiosas actividades nas que o desenvolvemento da competencia paremiolóxica irá acompañada doutro tipo de reflexión ou exercicio lingüístico. Con todo, por tratarse de prácticas nas que interveñen en maior medida as competencias lingüísticas (expresión e comprensión oral e escrita, competencia comunicativa), serán desenvolvidos na seguinte sección, dedicada ao ensino de lingua e non ao ensino de refráns.

3. Os refráns e o ensino das linguas

3.1. A lingua dos refráns

O resultado dese proceso de incorporación á cultura tradicional do que falamos (§ 2.4.1.5) converte os refráns en mensaxes dun código especial, feito sinalado por moitos investigadores: Jakobson, Chafe, Coseriu (Lázaro Carreter, 1980: 215). Este código especial pon o refrán en relación con outras mostras do que o propio Lázaro Carreter (1980: 149-171) denomina *linguaxe literal*, linguaxe fixada para ser repetida sempre nos mesmos termos, denominación comparable coa noción de discurso repetido de Coseriu.

A pesar do seu nome, a linguaxe literal ten unha orixe oral. A fixación necesaria para a súa perpetuación na memoria colectiva esixe a actuación dunha serie de recursos, identificados por Jakobson (1960) baixo a denominación de *función poética*, que condicionan a forma destas expresións. A función poética, que intervéñen directamente na elaboración dos produtos literarios (sexan cultos ou populares), determina tamén as propiedades da lingua dos refráns como unha mostra máis de lingua literal. Tódalas características que se mencionan da lingua dos refráns (léxicas ou gramaticais: brevidade, existencia dun cerre, rima, ritmo, perduración de arcaísmos, peculiares estruturas sintácticas, orde dos elementos...) están condicionadas polos mecanismos que actúan na estabilización desas mensaxes. Son artificios, un ritualismo formal, que o refrán comparte coa literatura tradicional e facilitan a memorización por parte da colectividade. Poñamos de exemplo disto que estamos dicindo o seguinte refrán:

(24) *Cando o cuco cucar, saca o saco de sementar,*

onde se fan efectivas, en tan curto texto, as figuras denominadas aliteración (/k/, /s/), rima (*cucar-sementar*), paronomasia (*saca o saco*) e a figura etimolóxica ou derivación (*o cuco cucar*).

Os teóricos da literatura aluden a termos como *estrañamento*, *desvío*, para referirse ás peculiaridades estilísticas deste tipo de textos, nas que nos deteremos máis no apartado dedicado á docencia da literatura.

Como consecuencia do anterior, a cuestión que debemos formular é se este modelo de lingua, desviado da lingua estándar, pode ser utilizado no ensino. Lázaro Carreter, en consonancia co arriba mencionado, pensa que non. Pero non todos son deste parecer. Evidentemente, na crítica especializada no refraneiro predomina a opinión contraria (Sevilla e Barbadilla, 2004), no que coincide coas posturas puristas, casticistas ou enxebristas, que viron sempre no refrán un modelo de lingua pura, lingua popular non contaminada.

Unha postura intermedia parécenos un punto de partida válido para aquilatar na súa xusta medida a utilidade dos refráns no ensino da lingua: non podemos considerar hoxe en día a lingua dos refráns como modelo lingüístico *per se*, pero si podemos acudir a eles para prestixiar coa súa autoridade os usos que nos parecen defendibles ou para ilustrar variantes (xeográficas, temporais, sociais) que o alumnado debe recoñecer ou para mostrar usos estendidos que deben ser rexeitados na norma común e, en definitiva, para ampliar a competencia lingüística do noso alumnado integrando desta maneira activa, mediante a reflexión metalingüística, un número significativo de refráns na práctica docente.

Por tal motivo, nos seguintes apartados propoñeremos algunhas actividades que poñan en práctica, así entendido, o papel do refraneiro na docencia da lingua, en tódalas súas vertentes: gramática, léxico, semántica, pragmática...

3.2. Os refráns na docencia dos usos lingüísticos. Actividades lingüísticas

No apartado anterior indicamos que, previa selección do material como é preceptivo en toda actividade didáctica, os refráns poden ser utilizados para o ensino da lingua, como modelo de uso real. Especialmente en galego, os refráns poden servir de modelos de usos tradicionais e enxebres en vías de desaparición e que convén manter, ou polo menos coñecer, porque son propios e característicos da nosa lingua. En Soto e González (2004) propóñense múltiples actividades deste tipo, polo que remito a ese traballo para máis detalles. Aquí presentaremos algunhas e ofreceremos outras novas:

3.2.1. Nivel morfosintáctico

3.2.1.1. A colocación dos pronomes átonos

Os refráns pódense presentar aos alumnos sen pronomes, do tipo *O tempo __ dá __ Deus de balde (o)*, sendo eles os encargados de repoñelos no lugar apropiado; tamén podemos pedir a xustificación da súa colocación en series como:

- (25) *A quen pode esperar, todo lle chega a tempo e vontade.*
- (26) *A roupa sucia lávase na casa.*
- (27) *Así as fagas, así as temas.*
- (28) *Quen as busca encóntraas.*
- (29) *Lebre que escapa, galgos a seguen.*
- (30) *Agosto o dá, agosto o leva.*
- (31) *Os bos lévaos Deus pra si e os malos quedamos aquí para entendernos.*
- (32) *Á porta cerrada o demo se volve.*

- (33) *Pai non tiveche, mai non temeche e mal fillo te fixeche.*
- (34) *Palleiro vello logo se queima.*
- (35) *A morte várreo todo.*
- (36) *Carballo torto ninguén o endereita.*
- (37) *Xiada na lama, á chuvia lle fai a cama.*
- (99) *Quen te cobre tamén te descobre.*
- (38) *Do coiro alleo boas piallas se fan.*
- (39) *Pouquiño a pouquiño faise o camiño.*
- (40) *Mal lle vai ao que por zapatos de defuntos espera.*
- (41) *A muller do xogador nunca se alegra, que se hoxe o gaña, mañá cho perde.*

X. Ferro (1987: 36-37) sinala a este respecto como nos nosos refráns aínda se manteñen casos de “interpolacións que hoxe empezan a ser exemplos dunha enxebreza pouco común”:

- (42) *A quen lle non debo, non lle temo.*
- (43) *Coida de dar o consello de xeito que che non tiren o pelexo.*
- (44) *Meu parente Pedro é bo; tanto me el dá, tanto lle eu dou.*

3.2.1.2. Determinación

Os refráns son moi útiles para o estudo da determinación porque, por aludir con frecuencia a verdades de tipo xeral, neles abundan os substantivos carentes de determinante, substantivos virtuais ou esenciais, claramente diferenciados dos substantivos determinados ou actualizados por diferentes tipos de determinante. Evidentemente, tamén aparece este segundo tipo de posibilidade, polo que igualmente se poden analizar os valores e combinacións de determinantes (artigo máis posesivo, deíxe dos demostrativos, usos pronominais etc.):

- (45) *Esta pena tenme morta, i-esta pena me conforta.*
- (46) *A miña nora non colle a roca; a miña filla, esa si que fía.*
- (47) *Unha no ano i-esa non ten dano.*
- (48) *Miña casiña, meu lar, quen te gabou, non te soupo gabar.*
- (49) *Cada un sabe as súas e Dios as de todos.*
- (50) *O labrador que pon un fillo a estudar, pon os outros a aunar.*
- (51) *Dos moitos poucos fanse os poucos moitos.*
- (52) *Debe pedirse sempre, pois algo darán algunha vez.*
- (53) *Quen moito vai á igrexa, algunha ten feita.*
- (54) *O pedir moito é de louco; e de burro o pedir pouco.*
- (55) *A pedra e a palabra non se recolle dispois de botada.*
- (56) *Pés tortos non han mester zocos.*
- (57) *Sarna con gusto non pica, pero mortifica.*
- (58) *A esa outra porta, que esta non se abre.*

3.2.1.3. O futuro de subxuntivo

Os exercicios poden ser variados: identificalo (hai que diferencialo dos infinitivos) ou ben conxugalo:

- (59) *Cando fores ao chan alleiro leva o pan no capelo.*
- (60) *Non esperes que o teu amigo che faga o que ti puideres.*
- (61) *O lobo non come da carne que quer senón da que houber.*
- (62) *O muiño e o castelo, quen o quixer, véleo.*
- (63) *Na terra en que vivires fai sempre o que vires.*
- (64) *Por ben facer, mal haber.*
- (65) *Do que alleo for; o que o dono quixer.*
- (66) *Se a Candeloria chora a metade do inverno xa vai fóra; e se a Candeloria ríre a metade do inverno está por vire.*

3.2.1.4. Sintaxe da oración composta

Tamén se pode acudir ao refraneiro para repasar a tipoloxía da oración composta en toda a súa variedade, e construcións peculiares, como o emprego condicional negativo de *senón que*, con que iniciamos esta serie:

- (67) *Donde hai galo non canta galiña, senón que o galo sea morriña ('se o galo non é...').*
- (68) *Onde non vexas corpo, non botes carga.*
- (69) *Quen sementa no camiño cansa os bois e perde o trigo.*
- (70) *Cando un non quer, dous non rifan.*
- (71) *Aínda que non durma o ollo, descansa o óso.*
- (72) *Se ves mascatos voar, busca a sardiña no mar.*
- (73) *Tanto aburre o moito pedir com' o pouco ofrecer.*
- (74) *De tanto porfiar, un día ou outro ha cadrar.*
- (75) *Tanto vai o cántaro á fonte que ao fin se rompe.*
- (76) *Tanto vale a prenda canto dan por ela.*
- (77) *Pois que pra ti fías, fía ben e fía tódolos días.*
- (78) *Por ben facer, mal haber.*
- (79) *Cada un raña onde lle proi.*
- (80) *Non sexas forneira, se tes a cabeza de manteiga.*
- (81) *Cal é o herbado tal é o gado.*
- (82) *Hainos que merecen paus.*
- (83) *A quen dan en que escoller; danlle abondo que facer.*
- (84) *O que de moitos é temido a moitos ten que temer.*
- (85) *Non sexamos tan calvos que se nos vexan os sesos.*
- (86) *Non te fíes no que moito fala.*
- (87) *Colle o tempo conforme vén, se outra cousa non podes facer.*
- (88) *Ou a Deus ou ao demo ninguén deixa de servilos, senón o que serve a entrambos.*
- (89) *Non é probe senón o que se tén por probe.*

3.2.1.5. A organización do discurso en tema / rema, suxeito / predicado, a elisión verbal e cuestións conexas

A organización pragmática do discurso (*logos*) en tema e rema (*ónoma/rema*) arrinca de Platón. Co tempo, esta segmentación acabou confluindo coa división sintáctica en suxeito e predicado ('o suxeito é aquilo de que se predica algo'). Non podemos deternos nesta cuestión, por outra parte ben estudada pola denominada Escola de Santiago (Jiménez Juliá 1986). Abonda aquí sinalar que a mencionada equiparación dista moito de ser real. En linguas como a maioría das románicas, con relativa liberdade na ordenación dos constituíntes, a función pragmática de tema pode ser desempeñada por calquera argumento (complemento) verbal. O refraneiro pode ser utilizado para explicar e exemplificar esta propiedade, que utiliza con suma eficacia (complementariamente o alumno pode indicar a función sintáctica que desempeña o segmento tematizado en casos como os seguintes, extraídos principalmente do RGB):

- (90) *De persoa trapalleira fuxe á carreira.* (SUPLEM.) (VS: 705)
- (91) *A Auga de maio inda carga o carro.* (SUXEITO)
- (92) *De cuñado nunca esperes bocado.* (SUPLEM.)
- (93) *Bocado de mal pan non o comas nin o deas ó teu can.* (CD)
- (94) *A quen moito quere saber, dálle pouco a entender.* (CI)
- (95) *Para quen non quere todo me sobra.* (CC)
- (96) *En débeda se mete quen fía ou promete.* (CADV)⁷ (tema focalizado)
- (97) *En decembro descansa e en xaneiro traballa.* (CC)
- (98) *De canto oes, non te fíes.* (SUPL.)
- (99) *Co aire soán ['do sueste'] cata a auga na man, tanto no inverno como no verán.* (CC)

Pero máis nos interesa aquí sinalar que na lingua oral con frecuencia eses dous eixes (o pragmático e o sintáctico) en lugar de combinarse e complementarse como nos exemplos anteriores, poden dissociarse, de xeito que o discurso se organiza en dous niveis sucesivos: primeiro pragmaticamente en tema/rema. A posición de tema ocupa neste caso o que Dik (1978: 224) denomina P2 (posición dislocada á esquerda), carente de función sintáctica. Nestas construcións, nun segundo momento entrarán en funcionamento as funcións sintácticas dentro do que podemos denominar propiamente cláusula⁸. Esta disociación é típica da lingua coloquial (onde é aceptable, non así na escrita) e, consecuentemente, dos refráns. Comparemos os seguintes exemplos:

- (90) *De persoa trapalleira fuxe á carreira.* (VS: 705)

⁷ Para as características do COMPLEMENTO ADVERBIAL por oposición ao C. CIRCUNSTANCIAL véxase Rojo (1990).

⁸ Dik (1978: 224, 227) contrapón as posicións P2 (que ocupa tipicamente o *tema*) e P1 (posición inicial na cláusula mesma, que ocupa prototipicamente o *tópico* ou o *foco*). Dado que a terminoloxía e a teoría subxacente varían considerablemente entre os autores que se ocupan da materia, para este traballo usaremos os termos descritivos *tema extraído* para o elemento dislocado á dereita (*Persoa trapalleira, fuxe dela á carreira*) e *tema integrado* para o elemento que ocupa a posición inicial dentro da cláusula mesma (*De persoa trapalleira fuxe á carreira*).

(Tema integrado sintacticamente na cláusula [P1], coa función de suplemento ou réxime, como se sinalou no parágrafo anterior.)

(100a) *Home pequeno e can rabelo, escapa deles coma do demo.* (VS: 439)

(Tema extraído, sen función sintáctica [P2]. Este constituínte debe ser recuperado posteriormente coa súa función sintáctica mediante un pronome anafórico, precedido de preposición de ser necesario, neste caso *deles*, SUPLEM.)

Paralelamente poderíamos formar, a partir de (90):

(90a) *Persoa trapalleira, fuxe dela á carreira.*

A xustificación desta disociación pertence ao que podemos denominar lingüística da fala. Na lingua coloquial, carente de planificación, sucede con frecuencia que ese elemento temático (vou falar de *x*) é mencionado antes de que se lle asigne unha función sintáctica de acordo co esquema determinado por un verbo que aínda pode non estar seleccionado. O resultado é un tipo de anacoluto característico da oralidade. Véxanse as seguintes paremias que reelaboramos seguindo a gramática da lingua escrita (como debe facer o alumnado se se lle solicita):

(101) *Aira que non é miña, malle nela quen queira.* (VS: 54)

(101a) → *Na aira que non é miña malle quen queira.*

(102) *Febreiroño con seus días vinteoito, si durara máis catro, non quedaba can nin gato.* (VS: 102)⁹

(102a) → *Se febreiroño con seus días vinteoito durara catro máis, non quedaba gato nin can.*

(103) *O que non está afeito ás bragas, as costuras fanlle chagas.* (RGF)

(103a) → *As costuras fanlle chagas ao que non está afeito ás bragas.*

(103b) → *Ao que non está afeito ás bragas as costuras fanlle chagas.*

(104) *Probe de aquel que a muller maza nel.* (VS: 511)

(104a) → *Probe de aquel no que maza a muller*¹⁰.

⁹ Dado que a función de suxeito non leva marca, é máis difícil de detectar na posición P2. Pero, como en realidade non forma parte do esquema sintáctico verbal, pode ser recuperado pronominalmente sen que haxa exclusión paradigmática de suxeitos (*Febreiroño con seus días vinteoito, si durara el máis catro, non quedaba can nin gato*). Esta compatibilidade é a proba de que *febreiroño* actúa só como tema e non como tema integrado na función de suxeito.

¹⁰ As construcións con tema extraído manteñen forte relación coas de relativo: nos dous casos hai un elemento que obrigatoriamente ocupa a posición inicial, que se pode enunciar antes de que as funcións sintácticas estean asignadas:

*Probe de aquel **que** a muller maza **nel*** (VS: 511) → *Probe de aquel **no que** maza a muller*

*O demo non fai empanada **que** dela non coma* (VS: 287) → *O demo non fai empanada **da que** non coma*
Ao tempo pódense traballar outras construcións de relativo, anómalas por motivos diferentes (ausencia de antecedente):

(1) *A quen lle dan, non escolle* (RBG), *Ó que lle dan, non escolle* (RBG) → *Aquel a quen lle dan non escolle, Non escolle aquel a quen lle dan.*

(2) *Ó que lle dan o pé colle a man* (VS) → *Aquel ao que lle dan o pé...*

Obsérvese que, aínda que as construcións (1-2) parecen aceptables –e na lingua coloquial probablemente o sexan–, desde o punto de vista gramatical son incorrectas, como se comproba se se produce a inversión dos constituíntes: **Non escolle ao que lle dan / a quen lle dan* é agramatical no sentido de (1).

No refraneiro, como exemplo prototípico de fala oral, este tipo de construción é característico. Deste xeito, a organización de moitas paremias con frecuencia redúcese a unha sucesión bimembre, tema/rema (marcada cunha pausa), da que incluso frecuentemente se exclúe o verbo, o que impropriamente se denomina elisión verbal, impropriamente porque a elisión implica a recuperabilidade dunha unidade determinada, normalmente xa mencionada, o que aquí non ocorre. Aínda así pódese solicitar ao alumnado que intente recuperar un hipotético verbo en casos como os seguintes:

Refrán	verbo
<i>O bacoriño e o meniño, onde lle dan o bocadiño.</i> (RGB)	están, van
<i>Home de moita lingua, para quen o queira.</i> (RGB)	douno
<i>Chuvia en febreiro, bo prado e bo centeo.</i> (RGB)	dá, produce
<i>Do pan do meu compadre, ós meus fillos rebanda grande.</i> (RGB)	doulle
<i>Muller ventaneira, ou folgazana ou parladeira.</i> (VS)	é
<i>Bens divididos, bens perdidos.</i> (RGF)	son
<i>Cada cabeza, súa sentencia.</i> (RGF)	ten
<i>A boi bravo, corda longa.</i> (RGF)	dálle
<i>A palabras tolas, orellas xordas.</i> (RGF)	faílle
<i>Tal o corvo, tal o ovo.</i> (RGF)	
<i>A rega na horta e o sol na porta.</i> (TCh)	

3.2.2. Léxico

Evidentemente, polo seu carácter popular e tradicional, o refraneiro é unha fonte inesgotable de léxico. Coa axuda de tesouros lexicográficos doadamente accesibles, como o *Dicionario de dicionarios* (Santamarina coord. 2003), non será difícil que o alumnado poida acceder a ese léxico enxebre, o que permitirá enriquecer o seu vocabulario:

- (105) *Faltaralle a nai ó fillo, mais non ó inverno o corisco.* (RGB: 344)
- (106) *Canto máis retesíes, máis tempo perdes.* (RGB: 344)
- (107) *Fólgome unha migalliña, mais vou fiando a miña estriga.* (RGB: 353)
- (108) *En maio de meu caio, xa ca maiola, xa co traballo.* (RGB: 365)
- (109) *Todo é mester: mouchar e sorber.* (RGB: 423)
- (110) *O esqueiro na man do obreiro é un bo compañeiro.* (RGB: 432)
- (111) *Vale máis codia dura que pedra mol.* (RGB: 446)
- (112) *O pombal esborrallado non precisa ter tellado.* (RGB: 471)
- (113) *Negra é a pementa e cómena os fidalgos; e branca é a neve e tripana os cabalos.* (RGB: 500)
- (114) *Quen sementa na culler, apaña na garfela.* (RGB: 534)
- (115) *A pequeno almallo, pequeno chocallo.* (RGB: 493)

3.2.3. Variación lingüística. Dialectalismos

Dado que a maioría dos refraneiros conservan as peculiaridades lingüísticas do territorio dialectal onde foron recollidos, é doado seleccionar mostras nas que se poñan de relevo esas peculiaridades, como se aprecia na parella que recolle VS:

(116) *Nin sirvas a quen sirviu nin pidas a quen pidiu.*

(117) *Non sirvas a quen sirveu nin pidas a quen pideu.*

Nos niveis inferiores abondará con que o alumnado identifique os dialectalismos (léxicos, gramaticais ou fonéticos: sufixos, seseo, gheada etc.). Nos niveis superiores tamén se pode inquirir pola súa distribución xeográfica:

(118) *As cabras du vesíño van tarde e vén sedo.*

(119) *Ghadillinos de lan, se non cobre, chove mañán.*

(120) *A ovella mansa mama na súa mai e mais na allea e a brava nin na súa nin na allea.*

(121) *Home que canta, muller que asubía, ghaliña que canta como o capón, na miña casa non.*

(122) *Viño puro e allo crudo fan andar o mozo aghudo.*

(123) *Cando o can ladra, anda o ladrón na aira.*

(124) *Prá misa e pró moín non esperes polo vecín.*

(125) *Os bés do sancristán, por onde veñen, van.*

(126) *O couro alleo non doi.*

(127) *Home lampo e can rabelo, desconfiar dil como do demo.*

(128) *Sete xastres, un home; catorce, un testigo; e vinteuito, pra firmar un recibo.*

(129) *Un ovo dáse a un cornudo, dous on criado, tres on home honrado e catro on mal educado.*

(130) *Se queres vivir san, a roupa do inverno traina no verán.*

(131) *Unha mosca non fai vran.*

(132) *Unha mosca sola non fai o vrao.*

(133) *Unha anduriña non fai vrau.*

(134) *Vran que dura, inverno asegura.*

(135) *Vén o paspallás: anímate, rapás.*

(136) *De pequenín aguzas'ospín ('espiño').*

3.2.4. Semántica

3.2.4.1. Verdade xeral

Desde o punto de vista semántico, os refrán diferéncianse doutras UF de valor enunciativo (fórmulas rutinarias, por exemplo) polo cuarto criterio sinalado en § 2.1., o valor de verdade xeral (Arnaud, 1991: 10, Corpas, 1997: 138, Álvarez de la Granja, 2003: 9).

Unha cuestión moi debatida polos paremiólogos é a relativa a que se entende por verdade xeral. É un lugar común afirmar que todo refrán convive co seu contrario, o que relativizaría este valor. Neste punto, os investigadores sinalan que por verdade xeral non debemos entender unha verdade absoluta senón máis ben unha verdade adaptada ao ambiente en que xorde, á experiencia dos creadores¹¹. Facendo súas as palabras de Kleiber (1989), Corpas (1997) sinala que

¹¹ Desde as súas orixes, o refraneiro sempre foi tido como fonte de sabedoría popular (*Non hai refrán vello que non sexa verdadeiro*, VS: 758). Este período de éxito culmina nos humanistas do XVI (segundo o

Al igual que las oraciones genéricas, estos tipos de paremias tienen carácter de referencia a una determinada norma (...) –lo cual explica el carácter didáctico de muchas de ellas– pero no son verdades universales, sino verdades por defecto: permiten hacer inferencias no estrictas del tipo «en ausencia de toda información contraria es lícito creer/suponer que...» (Corpas, 1997: 162).

Trátase, por tanto, dun saber práctico, resultado da experiencia colectiva, que se utiliza para corroborar as situacións particulares nas que nos movemos. Na nosa opinión, os refráns serían algo así como a versión laica das concordancias bíblicas medievais. O nome de *concordancia* alude ao feito de que a súa función principal era a de fornecer de citas bíblicas aos predicadores ou teólogos: *isto que dicimos concorda co que din as Sagradas Escrituras no capítulo...*

Do mesmo xeito, os refráns forman un corpus que nos fornece de concordancias ante diferentes situacións da vida¹². É evidente que o refrán *Pensa mal e acertarás* non resiste un mínimo escrutinio de verosimilitude. Pero se alguén se topa nesa situación poderá botar man del, ou doutros refráns sinónimos, a modo de corroboración:

- (137) *Pensa ben e non pensarás en ninguén.* (VS: 690)
- (138) *Pensa ben e non saberás de quén.* (VS: 690)
- (139) *Pensa mal e non te arrepentirás.* (VS: 690)
- (140) *Todos son bos e a miña capa n'aparece.* (VS: 242)

Evidentemente, se un mostra erroneamente a súa desconfianza sobre alguén que actúa de xeito honrado ou leal, non sacará a colación ese refrán senón outro que lle acade mellor (141), o que non lle será doado porque no refraneiro predomina a desconfianza sobre a confianza. O máis probable é que se reciba unha recriminación por parte dos interlocutores, pois o refraneiro defende a desconfianza pero non se fía dos desconfiados (a tales sutilezas chega) (142)-(146):

- (141) *Onde hai malos nunca falta un bo.*

exemplo dos *Adagia* de Erasmo), que ven neles unha sabedoría antiga, unha *Philosophía vulgar* en palabras de Juan de Mal Lara (1568), de aí a denominación de *evanxeos breves* (Gallego, 2011), pero pronto se verá truncado cos primeiros fulgores do século das luces e o racionalismo (Combet, 1996; Cantera, 2009; Gallego, 2011): é o caso en España de Baltasar Gracián no apartado “Reforma crítica de los comunes refranes” que aparece en *El Criticón* (1657: III, crisi VI) e do Padre Feijoo (“Falibilidad de los adagios”, composición incluída no terceiro tomo das súas *Cartas eruditas*, 1750). Esta actitude negativa vense mantendo ata ben entrado o século XX. Así Lázaro Carreter (1980: 212-213) fala da “función represiva del refranero”, que Conde Tarrío (2004: 71) denomina “función tiránica” citando a Crépeau (“autorité tyrannique”). Ben é certo que co substancial desenvolvemento nos estudos fraseolóxicos producidos desde o último cuarto do século XX, hoxe en día podemos ter unha visión máis aquilatada do valor do refraneiro: non podemos considerar os refráns como portadores de verdades científicas ou morais (algúns pasarían o filtro outros non) senón como produtos culturais e lingüísticos dunha sociedade. Como produtos culturais forman parte da bagaxe folclórica dos pobos (xunto con outras manifestacións populares que xa mencionamos). Como unidades lingüísticas son instrumentos válidos e necesarios na comunicación.

¹² Por tratarse, pois, de textos de autoría allea, os refráns con frecuencia esixen a presenza de certos presentadores, é dicir, frases ou fórmulas estereotipadas que facilitan a inserción nos nosos discursos desas UF, deses corpos extraños, ao tempo que distancian ao emisor do enunciado (liberándoo da responsabilidade do que di): *Xa o di o refrán, xa o dicía a miña avoa, como din na miña terra...*: “Como dicía o meu avó : cousa feita xa non mete présa” (Prieto Casares: *Folliañas que levou o tempo*. Apud TILG).

- (142) *Pensa o ladrón que todos son da súa condición.* (TCh: 137)
- (143) *Coida o ladrón que todo-lo son.* (VS: 793)
- (144) *O que moito desconfía, é ladrón.* (VS: 241)
- (145) *O que non se fía non é de fiar.* (VS: 265)
- (146) *A conduta do home bo anda na boca do home mau.* (Ventín: 170)

Ou humoristicamente, se lle pode retrucar:

- (147) *O que pensa mal, cánsalle o burro no camiño.* (VS: 37) [*pensar* significa tamén ‘alimentar’].

Este é o motivo –na nosa opinión– polo que a maioría dos repertorios refranísticos se organizan tematicamente, porque a intención dos recopiladores é fornecer material apropiado para diferentes situacións.

3.2.4.2. Semántica. Os contidos. Os valores

A análise do plano dos contidos, dos valores que o refraneiro defende lévanos á semántica. Agora ben, se nos adentramos nesta perspectiva pronto descubriremos que o estudo do refraneiro desde esta perspectiva e a súa aplicación pedagóxica exceden os estreitos límites da análise lingüístico-semántica (§ 5.7.1), como se pode apreciar no seguinte esquema onde se mostran distintas opcións para actuar:

- (i) A semántica e as relacións de tipo semántico que se establecen entre paremias (hiperonimia, sinonimia, antonimia, complementariedade), a linguaxe figurada (comparación, metáfora, metonimia, sinécdoque).
- (ii) A análise dos contidos paremiolóxicos lévanos de xeito directo ao problema do seu uso, da súa adecuación ao contexto, dos múltiples matices que implica a súa utilización en cada caso (funcións comunicativas).
- (iii) Finalmente, a análise dos contidos condúcenos á transversalidade, porque eses contidos transmiten valores de tipo social ou moral que superan con moito os límites da análise lingüística (xénero, xenofobia, crenzas e relixiosidade etc.).

No apartado 4.1.2. ocuparémonos con máis detalle da linguaxe figurada. Aquí abondará dicir que o significado do refráns está motivado con frecuencia por relacións de semellanza, contigüidade, causa-efecto, todo-parte etc. (metonimia, metáfora), polo que moitas das paremias son interpretables por sinxelos procedementos de decodificación e transferencia, aínda que nunca as escoitamos. Esta característica pode aproveitarse para diversos exercicios escolares, como poden ser elaborar unha paráfrase do seu contido ou buscar unha palabra clave que describa o seu significado:

Refrán	Paráfrase	Clave
<i>Ó mellor galgo escápalle unha lebre.</i> (VS)	‘Ninguén é perfecto’	Imperfección
<i>O que queira o mel, ten que aguantar as aguilloadas.</i> (VS)		
<i>O que naceu barrigudo importa pouco enfaixalo.</i> (RGF)		
<i>Na hucha aberta o xusto peca.</i> (RGF)		

<i>A corda sempre creba polo máis delgado. (VS)</i>		
<i>Non sea tanto o tirar que rompa a corda. (VS)</i>		
<i>Corda delgada non fai nudo grosso. (VS)</i>		
<i>Feito de vilán: tira-la pedra i-esconder a man. (VS)</i>		

Así, pois, a maioría dos refráns asóciase cun valor figurativo que é o que aparece nos refraneiros comentados (“dise cando...”) e o que establece a clasificación nos refraneiros organizados ideoloxicamente (*cortesía, desconfianza, falsidade, comida, egoísmo, ambición, bondade...*). Este valor figurado é o que nos permite falar de sinonimia, antonimia, hiperonimia etc. Tamén este valor é o que nos permite establecer correspondencias entre paremias de diferentes linguas (correspondencia literal ou soamente conceptual: Sevilla, 2004). As actividades que se poden levar a cabo na aula de acordo con estas posibilidades son amplas: as que propoñemos fundaméntase na comparanza interlingüística ou intralingüística de diferentes imaxes utilizadas en diferentes linguas (ou na propia) para expresar un mesmo contido ou a idea contraria. Para iso contamos cos dicionarios bilingües ou que mostran abundante sinonimia como son os de Conde Tarrío (2001), Soto Arias (2003), así como coa información dispoñible no *Refranero Multilingüe* (RM):

- Buscar correlato castelán dunha paremia galega ou viceversa.
- Buscar correlato galego de paremias doutras linguas.
- Relacionar paremias galegas sinónimas.
- As mesmas actividades pódense facer partindo da relación de antonimia.

Sinonimia	
CASTELÁN	GALEGO
<i>El pez grande se come al chico.</i>	<i>O can grande sempre morde do pequeno. A truita grande amansa a pequena.</i>
<i>El mejor escribano echa un borrón.</i>	<i>No mellor viño hai borras. O mellor galgo escápalle unha lebre. O millor pano líxase.</i>
<i>Aunque la mona se vista de seda....</i>	<i>O toxo non sal de toxo por floreado qu'esteña.</i>
<i>No todo el monte es orégano.</i>	<i>Non todos os martes son días d'Antroido. (VS, Viana do Bolo)</i>
<i>Divide y vencerás.</i>	<i>Mar que se parte, regueiro se fai. O mar que se desfai, regachos fai.</i>
<i>Vístemte despacio, que tengo prisa. (lat. Festina lente)</i>	<i>Se tes présa, vaite con calma. Canta máis présa, máis vagar.</i>
<i>De tal palo, tal astilla.</i>	<i>Tal o corvo, tal o ovo.</i>

Sinonimia	
Francés: <i>La nuit tous les chats sont gris.</i>	<i>De noite tódolos gatos son negros. (VS)</i>
Árabe: <i>Cada injusto tendrá su fin.</i> (Boughaba 2014)	<i>A todo santo lle chega o seu día. A tódolos porcos lles chega o seu Antroido. A cada cocho lle chega o seu san Martiño.</i>
Árabe: <i>Como el que recurre al fuego para protegerse del ardor.</i> (Boughaba 2014)	<i>Fuxir do lume e caer na borralla.</i>
Bánsoa (Camerún): <i>El plátano no vigilado pertenece a todo el mundo.</i> (Magnéché 2003)	<i>A castaña posta no camiño é do viciño. A castaña que está no camiño é do veciño.</i>
Bánsoa: <i>La mujer y la olla están bien en la cocina.</i> (Magnéché 2003)	<i>A muller i-a sartén na cociña están ben. A muller e a sardiña, na cociña.</i>
Bánsoa: <i>Cuando el agua se derrama, ya no se la puede meter en una botella.</i> (Magnéché 2003)	<i>O dano, despois de feito non ten remedio. (VS)</i>
Bánsoa: <i>Cuando uno es nuez, debe esperar que la aplasten debajo de una piedra.</i> (Magnéché 2003)	<i>Onde irás boi que non ares. O que naceu pra burro, non pode chegar a cabalo. O que naceu barrigudo, importa pouco enfaixalo. O que nace para ichavo, nunca chega a carto. (RGB)</i>
Bánsoa: <i>La chueca no puede dar algo malo a sus polluelos.</i> (Magnéché 2003)	<i>Amor, o da nai, que de todo outro non hai. (VS) Cada ruín quere o seu fillo. (RGB) As couces da egua non fan mal ós poldros. (RGB) Ó escarabello os seus fillos parécenlle ouro fino. (VS) O demo os seus quere. (VS) Pé de galiña non mata pito. (Ventín)</i>
<i>La unión en el rebaño obliga al león a acostarse con hambre</i> ¹³ .	<i>Cando contes con unión, todo será bendición. (VS)</i>

Sinonimia (emparellar)	
GALEGO	GALEGO
<i>Dicir e facer poucas veces xuntos se ven.</i>	<i>Onde vires división só esperes perdición.</i>
<i>A falta de carne bo é o pan.</i>	<i>Cando pases pola terra dos tortos, pecha un ollo.</i>
<i>Mar que se parte, regueiro se fai.</i>	<i>Non é o mesmo predicar que dar trigo.</i>
<i>A onde te queren moito, coida de ir pouco.</i>	<i>Máis moscas se collen con mel que con fel.</i>
<i>Onde fores, fai como vires.</i>	<i>Non se collen troitas con bragas enxoitas.</i>
<i>A cortesía custa pouco e vale moito.</i>	<i>Á sorte mala, paciencia e boa cara.</i>
<i>O que algo quere, algo lle custa.</i>	<i>O hóspede e o peixe, ós tres días fedén.</i>

¹³ <https://akifrases.com/frase/139282> [Data de consulta: 02/12/2018].

Antonimia	
GALEGO	CASTELÁN
<i>Non dá o que ten máis senón o que está afeito a dar.</i>	<i>Más da el duro que no el desnudo.</i>
<i>Onde falta o can, o raposo é capitán.</i>	<i>Donde hay patrón, no manda marinero.</i>
<i>O que chega tarde, nin oie misa nin come carne.</i>	<i>Vale máis tarde que nunca.</i>
<i>O madrugador non é sempre o que primeiro chega.</i>	<i>A quien madruga, Dios le ayuda.</i>

3.2.4.3. Funcións comunicativas. Adecuación ao contexto

Máis arriba, ao referirnos a que se debe entender por verdade xeral, sinalamos que cada refrán se adecúa a unha situación concreta. O uso dos refráns esixe, pois, certa habilidade comunicativa, pola multiplicidade de matices que se foron creando ao longo dos séculos de formación. Fóra dese contexto preciso, o seu emprego pode ser inapropiado ou, incluso, impertinente (recórdense as longas restras pronunciadas por Sancho Panza, ás veces fóra de lugar). Así, por exemplo, o refrán *Deixade ao mestre anque seña un burro* (VS: 670), ao noso entender, é pronunciada sempre pola persoa interpelada (o emisor di iso de si mesmo cando se topa ante algunha dificultade. En boca doutra persoa, é descortés).

Esta riqueza de posibilidades comunicativas relaciónase coas características 2 e 3 (autonomía sintáctica e autonomía textual) mencionadas en § 2.1. Os refráns actúan como enunciados e, por consiguiente, poden desempeñar todas as funcións comunicativas (actos de fala) propias daqueles (informar, ameazar, aconsellar, ordenar, prohibir...). Esta é unha clara diferenza con respecto a outros tipos de enunciados fraseolóxicos, como as fórmulas rutinarias, que están limitadas a aparecer en situacións comunicativas precisas, que actúan como disparadores de certo tipo de enunciados (saúdo e despedida, fórmulas de agradecemento, desexos de fortuna etc). As paremias, por oposición, teñen autonomía funcional no sentido de que non están condicionadas por unha situación discursiva particular (o que non implica que non estean condicionadas no uso, como indicamos, pola adecuación ao contexto).

Con respecto a este punto, en consecuencia, propoñemos exercicios de uso de paremias nos que se solicita ao alumnado información do seguinte tipo:

a) Análise de diferentes tipos de paremias e exemplificación de contextos de uso segundo o seguinte modelo de Arnaud (1991), que Álvarez de la Granja (2003: 8), a propósito de *O falar non ten cancelas*, exemplifica así¹⁴:

¹⁴ Álvarez de la Granja (2003: 8) define así os tres tipos básicos de significado:

Descritivo: a verdade xeral.

Situacional: o tipo de situación no que se enuncia o refrán.

Pragmático: a intención coa que se enuncia o refrán, o seu valor comunicativo, funcional.

Significado pragmático é unha expresión sinonímica do que noutros traballos se denomina *función*

Significado descritivo: *‘o falar é libre, falando pódese chegar a dici-lo que se queira, mesmo o máis desatinado, inxusto ou errado’.*

Significado situacional: *‘dise tras oír algo desatinado, inxusto ou errado’.*

Significado pragmático: *‘serve para reprender a alguén, presente ou non no momento da enunciación’.*

Pode servir de modelo a seguinte listaxe, onde aparecen series de refráns de significado relacionable (na primeira serie, por exemplo, contrapóñense paremias que aluden á tardanza irremendable en contraposición á emendable):

- (148) *O que chega tarde, nin oie misa nin come carne.*
- (149) *Vale máis tarde que nunca.*
- (150) *Vale máis esperar que chegar tarde.*
- (151) *Quen tarde vai ó mercado, compra sólo rostrballo.*
- (152) *O que chega tarde, un remo torto nunca lle falta.*
- (153) *O que tarde viñere, coma do que trouxere.*
- (154) *Tanto ten negar, como tarde dar.*
- (155) *Non sea tanto o tirar que rompa a corda*
- (156) *A corda sempre creba polo máis delgado.*
- (157) *Non se acorda a sogra de que foi nora.*

b) Polo que respecta ao ensino de funcións comunicativas ou significados pragmáticos, é dicir, actos de fala, pode ser útil tamén algún exercicio como o seguinte. Nunha primeira oposición diferenciaremos entre actos asertivos e actos directivos, é dicir, entre refráns descritivos e refráns prescritivos (para a distinción entre paremias descritivas e paremias prescritivas véxase Ascombe, 2013, e Manero Richard, 2011: 71-77). Nun segundo momento, diferenciaremos subcategorías (por exemplo, un refrán directivo ou prescritivo pode expresar un consello, recomendación, orde ou prohibición). Estes valores sempre se actualizan no seu contexto (un refrán aparentemente directivo pode funcionar no seu contexto como aseverativo ou viceversa, como sinala Manero Richard [2011: 74]):

- (158) *Nunca chove como trona.* (VS: 70 “Suele aplicarse a las amenazas, que no traen los efectos que de ellas serían de temer”).
- (159) *Quen ma fai, hama de pagar.*
- (160) *Arrieiros somos e no camiño da feira nos atoparemos.*
- (161) *Quen deixa a vila pola aldea, mal lle foi nela.*
- (162) *Quen non atende consello, non chega a vello.*
- (163) *Se queres vivir moito tempo, faite de mozo vello.*
- (164) *Se te morde un alacrán, busca viño e busca pan que mañán te enterrarán*
- (165) *Sobre brevas, auga non bebas.*
- (166) *Non se pode repicar e andar na porcesión.*
- (167) *Brétema no agosto, pouco magosto.*
- (168) *Por tódolos Santos neve nos campos.*

comunicativa.

- (169) *Ou tarde ou cedo, a cepa sempre dá uvas polo setembro.*
- (170) *Vaca e carneiro, comida de cabaleiro.*
- (171) *Máis vale din que don.*
- (172) *Val máis un “por se acaso” que un “quen pensara”.*

c) Desenvolvemento da expresión escrita mediante exercicios de síntese (buscar o valor de paremias como as que abaixo figuran entre corchetes) ou análise (realización de ensaios ou comentarios sobre os seu contido):

- (173) *A conta do pano aprenden os xastres.* (TCh: 54) [‘experiencia’]
- (174) *Abade que foi monaguillo, ben sabe quen bebe o viño.* (TCh: 60) [‘experiencia’]
- (175) *O que dá ben vende, se o que recibe entende.* (RBG 212) [‘dar intereseiro’]
- (176) *Canto máis un anda no monte, máis espiñas colle.* (VS: 59 “Figuradamente, destaca el influjo del ambiente en la vida y costumbre de cada uno”)
- (177) *A cruz nos peitos e o diaño nos feitos.* (RGF) [‘hipocrísia’]
- (178) *A cana engana, o dente mente e a arruga non ofrece duda.* (TCh: 53) [‘estragos da idade’]
- (179) *Quen viste de pano ruín viste dúas veces no ano.* (Prieto 2009) [‘a calidade compensa’]
- (180) *O caro é ás veces barato e o barato adoita saír caro.* (Prieto 2009) [‘a calidade compensa’]
- (181) *Ao pobre, pano fino e caldeira de cobre.* (VS: 716) [‘a calidade compensa’]

Neste sentido cabe destacar que en ocasións o significado das paremias non é evidente. O autor colectivo xoga cos destinatarios con circunloquios que recordan máis as adiviñas que as asercións (evidentemente, como os refráns se utilizan nun contexto preciso para os seus usuarios o sentido é claro). Aquí xogamos coa intuición do alumnado:

- (182) *A primeira, na borralleira; a segunda, na cadeira.* (VS: 545, Ventín: 123) [Aclara Ventín: “a muller que se casa con viúvo”. Cfr. *A primeira muller; vasoira; e a segunda, dona.* (RGB: 383), cast. *la primera escoba y la segunda señora*].
- (183) *Hai que ganar cos dentes para comer coas enxivas.* (VS: 812, ‘traballar de novo para comer de vello’).
- (184) *Queixo, cego, pan que vexa, e viño que salte á cexa.* (VS: 769) (Aclara o seu sentido se lle contraponemos: *O queixo, sin ollos; o pan, con ollos; io viño, que salte ós ollos,* VS: 769).
- (185) *Santa Lucía saca na noite e mete no día.* (VS: 292. Santa Lucía celébrase o 13 de decembro, data próxima ao solsticio de inverno).
- (186) *A cereixa e a castaña, na borralla.* (TCh: 54, “Alude al frío de primaveras tardías y de inviernos tempranos”).
- (187) *San Xosé ó xastre quitalle a vela e dálle a merenda, e san Miguel dálle a vela e quitalle a merenda* (“Eran los días en que entraba y se suprimía la vela y la merienda”. VS: 292).

3.2.4.4. A argumentación

A análise do discurso desde hai anos vén constatando que as interaccións lingüísticas (non só en textos argumentativos senón mesmo na lingua do coloquio) se fundamentan en boa medida nun proceso de argumentación:

La argumentación es una actividad social, intelectual y verbal que sirve para justificar o refutar una opinión, y consiste en una constelación de enunciados que sirven a tal fin. La argumentación no es sólo el fundamento que da nombre a algunos tipos de discurso, sino el soporte en general del diálogo, incluso de la conversación más banal. Todo discurso práctico responde estratégicamente a una intención; es decir, presenta algún aspecto argumentativo (Briz 1993: 162-163).

O refraneiro, que contén unidades de carácter instrutivo e de carácter informativo, resulta especialmente ilustrador neste aspecto. Esta capacidade pode ser utilizada na aula desde varias perspectivas.

En primeiro lugar, como representación dunha sabedoría popular, dun saber compartido pola comunidade, un dos seus principais usos consiste na utilización como reforzo argumentativo das nosas expresións. Nisto son comparables con outras citas de autoridade. Un exercicio posible consistirá, pois, na elaboración de textos nos que se utilicen refráns como reforzo na argumentación.

En segundo lugar, podemos realizar unha análise interna dos procedementos de argumentación que utilizan os refráns. Aquí referirémonos soamente a un tipo de argumentación falsa que ten chamado a atención no refraneiro: a presentación dun argumento sólido ao lado doutro que non o é tanto ou non pertence ao mesmo plano argumentativo, para que este se contamine da veracidade do primeiro.

O refraneiro bota man reiteradamente desta falacia argumentativa. Por iso non son infrecuentes as que García-Borrón (2016: 28) denomina “combinaciones inesperadas”. En realidade con esas combinacións o que fai o refraneiro –desde as súas orixes– é traspasar de xeito perverso a forza argumentativa dun membro ao outro:

- (188) *De Dios viene el bien, de las avejas la miel, de la mar la sal, de la mala muger mucho mal.* (Seniloquium)
- (189) *Sol madrugadeiro e cura calexeiro, nin bon cura nin sol duradeiro.* (VS: 163)
- (190) *Mazá, troita e muller, fresca se pode ser.* (VS: 418)
- (191) *A muller e a moeda non gusta de estar queda.* (VS: 569)
- (192) *Viño bon e home valente pouco duran.* (VS: 445)
- (193) *Escribanos e ameixeiras, fóra das miñas leiras.* (VS: 357)
- (194) *Fai máis mal un día de sol en xaneiro que sete lobos no eido.* (VS: 89)
- (195) *As pedras costa abaixo e as mulleres para a romería, nin Xudas as tornaría.* (VS: 381)
- (196) *“Nin merlo branco nin setembro ruín”, din os vellos.* (VS: 144).
- (197) *De home lampo e can sin rabo, fuxe deles apurado.* (VS: 416).
- (198) *Da muller e do mar non hai que fiar.* (Ferro Ruibal, 2002: 88).

Tampouco é alleo ao refraneiro recorrer á forza argumentativa da autoridade baseada na experiencia (*Voz do pobo, voz de Deus* di un refrán), de xeito que con frecuencia nas súas teimas non necesita acudir a ningún razoamento, abonda a súa propia autoridade como se ve nas referencias a taberneiros, rubios, xastres, manichos, pescadores, gaiteiros, cregos... (199-202) e mesmo a situacións máis concretas (203):

(199) *Cazadores, xastres e zapateiros son os máis mintireiros.* (VS: 539)

(200) *Home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro, e cazador, moito peor.* (RGF)

(201) *Non te fíes de can coxeando nin de muller chorando, nin de bon tempo en marzo.* (VS: 116)

(202) *Sete xastres fan un home e catorce un testigo, e fan falla vintecatro pra firmar un recibo.* (VS: 639)

(203) *Cando vexas a niebla pousada no mes de xaneiro, fai a teu fillo heredeiro.* (VS: 88, Paradela, LU).

3.2.4.5. Transversalidade. A educación en valores

Finalmente, partindo de refráns como os anteriores, da análise dos valores que defende o refraneiro, poderemos realizar traballos interdisciplinarios na aula. Coa axuda de refraneiros organizados ideoloxicamente non nos será difícil seleccionar un bo número de paremias ilustrativas sobre a visión da muller (estudos de xénero), tópicos sobre outros pobos, estranxeiros pero tamén veciños (estereotipos, xenofobia, migración; son moi abundantes os de rivalidades locais), sobre a relixión, sobre as distintas profesións etc. Velaquí unha pequena selección (as mulleres e os galegos no refraneiro):

A muller (Vázquez Saco)	
<i>A boa muller a casa sábea encher.</i>	Positivo
<i>A facenda da muller sempre está feita e sempre por facer.</i>	Positivo
<i>A muller de bo aliño, cría, fía, devana e vende o liño.</i>	Positivo
<i>O home gana a facenda e a muller conserva.</i>	Positivo ou neutro
<i>Despois de casar, o home a traballar e a muller a folgar.</i>	Negativo
<i>Cabalo, espada e muller, a nai de se han de ceder.</i>	Perspectiva masculina
<i>A muller, com 'a ovella, con sol prá cortella.</i> <i>A muller e a galiña, hast 'a a casa da veciña.</i>	Negativo
<i>Tempo, vento, muller e fortuna axiña se mudan.</i>	Negativo
<i>Gárdete Deus de can lebre, de casa de torre e de muller sabedora.</i>	Negativo
<i>A muller chora cos ollos e ríe co corazón.</i>	Negativo
<i>A muller e a gaivota canto máis vella máis louca.</i>	Negativo, nin sequera a vellez dá sabedoría
<i>A burra i-a muller, a pous hainas que tanguer.</i>	Negativo

O galego		
Refraneiro galego (Vázquez Saco, 2003)	Refraneiro castelán (Correas 1906, [1627])	Refraneiro portugués (García Benito, 2014)
<p><i>O gallego, de roubado, tranca a porta.</i> ('Remedio tardío'). <i>O galego hastra é probe en pedir.</i> <i>Canta o galego, máis de desesperado que de cheo.</i> <i>Ó galleguiño dálle un mandião.</i> <i>O galego por unha cunca de leite quer outra d'aceite.</i> <i>Catalán con botas, andaluz con diñeiro e galego con mando,</i> <i>Dios nos libre dese gando.</i></p>	<p><i>A gallego pedidor, castellano tenedor.</i> <i>Antes puto que gallego.</i> [“Matraca contra gallegos, porque la gente baja suele encubrir su tierra por haber ganado descrédito; la gente granada de allá en muy buena”]. <i>Prenda de gallego vale dinero.</i> [“Porque asegura la deuda”]</p>	<p><i>Sete galegos não fazem um homem.</i> <i>Pais galegos, filhos varões, netos ladrões.</i></p>

4. O ensino da lingua literaria

A docencia da literatura a través dos refráns ofrece diversas posibilidades na aula. Por necesidades prácticas e de espazo procederemos a agrupalas en dous bloques:

1. Podemos partir dos refráns como modelo de análise da lingua literaria.
2. Podemos partir dos textos literarios para estudar o uso dos refráns no seu interior (valor, intención do autor, efecto buscado...).

4.1. Os refráns e a lingua literaria

A primeira opción está relacionada co feito anteriormente mencionado de que os refráns forman parte do que denominamos linguaxe literal, xunto coa literatura e outros modos de expresión verbal. Desde este punto de vista, un refrán presenta grandes concomitancias cun verso: condensación, cerre, ritmo, rima, uso de figuras retóricas e artificios que axuden á memorización e fixación etc., o que a escola rusa denominou “función poética”.

Deste xeito, no ensino das figuras literarias, o refraneiro pode ser utilizado para exemplificar as características con que a función poética condiciona o uso lingüístico. Abundan uns poucos exemplos (a perspectiva docente pode ser onomasiolóxica ou semasiolóxica, é dicir, podemos partir dos refráns para pedir ao alumnado que identifique o recurso, ou partir do recurso e exemplificar co refrán). Dividiremos os exercicios en tres grupos: trazos prosódicos, figuras de dicción e, finalmente, figuras de pensamento e tropos:

4.1.1. Trazos prosódicos. Métrica. Rima, ritmo

A brevidade do refrán provoca a condensación nun texto mínimo dos mecanismos propios da función poética. En realidade, neste caso a comparanza máis próxima podémola topar nun verso ou nunha estrofa mínima de dous ou tres versos. A rima, que actúa como peche, o número de sílabas, o ritmo axudan a fixar o refrán e a facilitar a memorización. O ritmo, que se logra pola sucesión de acentos de intensidade, pode servir como exercicio para fomentar a lectura musical e declamación. Por exemplo, o seguinte refrán *Pedra a*

pedra, a casa medra está composto por un octosílabo de ritmo trocaico (sílabas tónicas seguidas de sílabas átonas), como se aprecia no cadro:

Pe-	dra	a	pe	dra	a	ca	sa	me-	dra
x	—		x	—		x	—	x	—

Un bo número de paremias permiten exercitarse nesta actividade esquecida. Outros refráns de ritmo marcado, que poden servir para practicar este apartado da métrica, poden ser os seguintes. Este exercicio é interesante, porque o alumnado debe dar o ton adecuado ao refrán (pausas, diéreses, sinalefas, sínéreses) para acadar a cadencia que pide cada paremia:

- (204) *As feridas da ternura, quen as fai, quen as cura.* (VS: 202)
 (205) *O mal amigo deixa a palla e leva o trigo.* (RGF: 25)
 (206) *Ti que non podes lévame as costas.* (RGF: 25)
 (207) *Can que moito lambe tira sangue.* (RGF: 26)
 (208) *A vista do amo engorda o cabalo.* (RGF: 42)
 (209) *Cobras en marzo, neve en abril.* (RGF: 43)
 (210) *Ovella que bala, bocado que perde.* (RGF: 44)
 (211) *O que has de comer, non o vexas facer.* (RGF: 72)
 (212) *En toda a terra espiga o pan.* (RGF: 81)
 (213) *Fala Tomasa do que a ela lle pasa.* (RGF: 83)
 (214) *Na cas do abade comede e levade.* (RGF: 84)

4.1.2. Figuras de dicción

O refraneiro tamén utiliza con profusión outras figuras retóricas coa intención de chamar a atención sobre a forma e contribuír a fixación do texto. As figuras de dicción máis utilizadas neste sentido son o paralelismo e a antítese, pero, como se aprecia no seguinte cadro, tamén se documentan outras moitas:

<i>Muller da Balura e de Lugo home, libéranos Domine.</i> (VS) <i>Febreiroño con seus días vinteoito, si durara máis catro, non quedaba can nin gato.</i> (VS) <i>Dos cepos mil garda cento pra abril.</i> (VS)	Hipérbaton
<i>A primeira na borralleira e a segunda na cadeira.</i> <i>As feridas da ternura, quen as fai, quen as cura.</i> <i>O boi pola corda e o home pola palabra.</i> (RGF) <i>O que contas non bota, contas non atopa.</i> <i>O que ben anda ben acaba.</i> <i>O que antes nace antes pace.</i>	Paralelismo
<i>San Simón proba o viño e o porco San Martiño.</i> (RGB) <i>Nada é todo, todo é nada.</i> (RGF)	Quiasmo

<p><i>A ra que en marzo raquea, en abril rabea.</i> <i>Cando o cuco cucar, saca o saco de sementar.</i> <i>A ocasión chega, chama e foxe.</i> <i>Reis rachan leis.</i> <i>Millo raro carga o carro.</i> <i>Non se doe o farto do famento.</i></p>	Aliteración:
<p><i>Ben sabe o que non sabe, se calar sabe. (VS)</i> <i>Ben sabe o sabio que sabe i-o parvo que sabe que non sabe. (VS)</i> <i>Nin sirvas a quen sirviu nin pidas a quen pidiu. (VS).</i> <i>A lima lima a lima. (RGB)</i> <i>O que espera desespera.</i> <i>O traballo non mata pero amata.</i></p>	Figura etimolóxica, poliptoto, derivación
<p><i>Us din o que saben e outros non saben o que din. (VS)</i> <i>Non pidas o que negaches nin negues o que pediches. (VS)</i> <i>O que parte leva para si a peor parte. (Conde Tarrío, 2001)</i></p>	Xogos de palabras

4.1.2. Figuras de pensamento e tropos. A linguaxe figurada.

Unha das características definidoras das UF en xeral é a idiomaticidade (denominada en § 2.1 *lexicalización*), e dicir, a falta de correspondencia entre o significado composicional dos elementos constitutivos da UF e o seu significado real. Trátase dunha característica gradual e non necesaria (aínda que propia das UF prototípicas). Deste xeito, como outras UF, algúns refráns poden interpretarse literalmente (sobre todo os de ámbito reducido). A súa idiomaticidade é baixa:

(24) *Cando o cuco cucar saca o saco de sementar.*

(215) *O dano, despois de feito non ten remedio. (VS: 251)*

Pero o máis frecuente é que os refráns admitan unha interpretación figurada, fundamentada nos principais procedementos de transferencia significativa (a comparación e metáfora, a ampliación de significado por metonimia etc.). Esta non é, con todo, unha propiedade exclusiva da linguaxe literaria. Lakoff e Johnson (1986) demostraron que a metáfora e outros tropos relacionados, como a metonimia e a sinécdoque, constitúen un mecanismo esencial da produción lingüística dos falantes comúns dunha lingua. Estes dous autores (e con eles a lingüística cognitiva) observaron que tales figuras conforman un mecanismo mental que permite, dun xeito plástico, comprender e expresar situacións complexas (ou cun alto grao de abstracción) en termos máis concretos, máis facilmente perceptibles e máis próximos á nosa experiencia vital (experiencialismo).

Aínda que é certo que os falantes creamos constantemente imaxes, sen dúbida é no ámbito fraseolóxico onde ese mecanismo se institucionaliza, de xeito que nocións como *metaforicidade*, *metaforización* ou *imaxinabilidade* (Iñesta e Pamies, 2002: 40-41) ou o *compoñente de imaxe* (Dobrovol'skij e Piirainen, 2005) convértese en caracterizadoras das unidades fraseolóxicas. É este (o da imaxe subxacente) un aspecto salientado polos fraseólogos desde os comezos das súas investigacións, aspecto

desenvolvido recentemente no marco da denominada *Teoría da linguaxe figurativa convencional* (Timofeeva, 2012).

Nos seguintes exemplos podemos comprobar como dúas ideas abstractas relacionadas

(216) ‘Un pouco non é nada’

(217) ‘Moitos poucos fan un todo’ (constancia)

se manifestan nos refraneiros europeos cunha serie de imaxes moi diferentes, pero tamén con grandes concomitancias (o saco, o celeiro, o diñeiro, a cuba, o río...) ¹⁵:

‘Un pouco non é nada’	‘Moitos poucos fan un todo’ (constancia)
<p>Galego: <i>Unha mosca sola non fai vran.</i> (VS) <i>Nin un dedo fai man nin unha anduriña fai vran.</i> (VS) <i>Unha anduriña non fai vrau.</i> (VS) <i>Un pau soilo non fai sebe.</i> (Ventín)</p> <p>Castelán: <i>Una golondrina no hace verano.</i> (RM) <i>Una golondrina no hace verano, ni una (sola) virtud bienaventurado.</i> (RM) <i>Ni un dedo hace mano, ni una golondrina verano.</i> (RM) <i>Ni una flor hace ramo, ni una golondrina hace verano.</i> (RM) <i>Una lluvia no hace invierno.</i> (RM)</p> <p>Catalán: <i>Una flòr no fá Maig, ni una gota fá raig.</i> (VS, ‘unha flor non fai maio, nin unha pinga fai chorro’)</p> <p>Vasco: <i>Unha pedra non fai o muro.</i> (RM) <i>Una oveja no forma rebaño.</i> (RM)</p> <p>Romanés: <i>Con una flor no se hace primavera.</i> (RM) <i>Con una paja, la gallina no engorda.</i> (RM) <i>Con una zarza no puedes tapiar.</i> (RM)</p> <p>Árabe: <i>Una sola rosa no hace verano.</i> (Boughaba, 2014)</p>	<p>Galego: <i>Bago a bago, unha vella encheu un canado.</i> (RM) <i>Baguiño a baguiño encheu unha vella unha pipa de viño.</i> (VS) <i>De pingueiras faise o mar.</i> (VS) <i>De pingueiras faise un cirio.</i> (VS) <i>Axuntando pingotas fórmase un cirio.</i> (Ventín) <i>Pedra a pedra a casa medra.</i> (VS) <i>Rachas e mais rachas fan un cesto.</i> (VS) <i>Unha gota i-outra apagan a sede.</i> (VS)</p> <p>Castelán: <i>Grano a grano, hincha la gallina el papo.</i> (RM) <i>Ochavo a ochavo, se junta un ducado.</i> (RM) <i>Gota a gota, se llena la bota.</i> (RM)</p> <p>Italiano: <i>Granito a granito se llena el celemín y se hace la montaña.</i> (RM) <i>Céntimo a céntimo se hace el florín.</i> (RM)</p> <p>Alemán: <i>Moitos reguiños fan un gran río.</i> (RM)</p> <p>Ruso: <i>Un hilo de todo el mundo y el desnudo tiene la camisa.</i> (RM)</p> <p>Árabe: <i>El dirham sobre el dirham hace dinero.</i> (Boughaba 2014)</p>

Deste xeito, o refraneiro pode ser utilizado para exemplificar tódalas figuras literarias que se fundamentan principalmente no uso da linguaxe figurativa, principalmente os tropos (metáfora, metonimia, sinécdoque) e outras figuras de pensamento:

¹⁵ Os datos, que están extraídos principalmente de Vázquez Saco (2003) e do *Refraneiro multilingüe* (RM), non son exhaustivos, evidentemente (por economía, no cadro aparece só a tradución das paremias que figura no RM, a imaxe subxacente).

<p><i>A muller é a cesta e o home o angazo. O saber falar é ouro e o calar é prata. Hai que aproveitar os tantos, que as briscas fôronse. Nos fornos e lavadoiros adúbanse os coiros. Pra ti fías: pra ti son as mazarocas. Óso que che tocou en parte, hai que roelo con arte. A muller brava, corda larga. A corda sempre creba polo máis delgado.</i></p>	Metáfora
<p><i>Que gane Pedro, que gane Xan, quen paga todo é o saio de lan. ('o labrego')</i> <i>De becerro verás o boi que terás. A canas honradas non hai portas cerradas. A can vello non hai cuscús.</i></p>	Metonimia / Sinécdoque
<p><i>Mes de maio sin torbóns é como home sin calzóns. As tardes de agosto corren como un lóstrego. Quen perdica ós namorados, é como quen perdica ós xordos. Tanto é o que non ve como o que non sabe. Quen soilo di un, é coma se non dixera ningún.</i></p>	Comparación
<p><i>O millo canto dá canto come. O mundo e o pecado non dan bo bocado. O inverno come e non cría.</i></p>	Personificación
<p><i>Coa fame que se pasa mantiñanse outros tantos</i></p>	Ironía
<p><i>En febreiro vai ver o teu leiro: si está chorando, ven cantando si está cantando, ven chorando. Carros vellos e rapazas novas son a acabación dos homes. (VS) Morte duns, vida doutros. Pensa moito e fala pouco. Pequeno machado derruba gran carballo. Máis vale ruín besta que bon burro. A chave custa pouco, pero vale moito. Non hai vida sin morte nin pracer sin pesar.</i></p>	Antítese
<p><i>A curiosidade é boa pra a roupa branca. As medias son boas pra os pés. (VS 444: "Rechaza los tratos a medias, que siempre traen malos resultados [...] Juega con la palabra medias". O que herda os bés, herda os males tamén.</i></p>	Diloxía

4.2. O refraneiro na lingua literaria

Polo que se refire ao segundo punto, desde as orixes da crítica literaria vense insistindo na importancia, en relación con outras literaturas, do refraneiro na literatura española en xeral (o modelo prototípico é Cervantes, mil veces estudado neste aspecto). O mesmo se pode dicir da literatura galega, en particular. O fondo popular das nosas literaturas desde a Idade Media, que noutras literaturas foi desaparecendo segundo se acercaba o Século das luces (Combet, 1999: 125), mantívose vigoroso ata a actualidade.

Os refráns son unidades lingüísticas polo que, evidentemente, en calquera obra poden aparecer paremias, en boca do narrador ou dos personaxes:

(218) *Come, fillo, come, saca a barriga de mal ano, que boa falta che fai, que neste mundo todo é perdición, e morra Marta morra farta.* (Blanco-Amor: Os biosbardos)

(219) *Cada un terá de dar conta da súa alma e daráia... Faltan tres cadelas, lambona... Que o diaño que o fixo téno que desfacer....* (Blanco-Amor: Os biosbardos)

(220) *“Parez, rapaz, que sempre hai un demo no país que se parece a outro. Agora vaite deitar” (quítalle ferro con esas palabras).* (A. Cunqueiro: *Merlín e familia*)¹⁶

(221) *–¿É certo que o lobo pode comer un home cada ano? –preguntou un mozo respetosamente*

–Xa se di: “Tres meses erba, teres meses lama, tres carne cristiana”. Pode comer un cristinao cada un ano. Foille, asegún cavilo, concedida ista licencia porque Noso Señor pensa moito nos que pasan fame. (R. Otero Pedrayo: *Os señores da terra*)¹⁷

Nestes contextos a competencia lingüística do alumnado debe manifestarse na identificación desas unidades e, de ser posible, no sinalamento do valor ou intención con que esa peza paremiolóxica aparece na obra:

(222) *Daniel non tiña a forza nin a estatura dos demais. Non era un neno anano, pero faltáballe nervio e vigor. Pouco a pouco, a nai foise resignando e acostumando. O seu fillo nunca sería o máis forte, pero si que era listo e cariñoso. E estas boas calidades valían polas malas e compensábanas. Ata o punto de que, cando o rapaz fixo os dezaoito anos, todo o mundo dicía que era cativo, pero normal. Todo o mundo menos a meiga Toña A Rabuda, que, cada vez que o vía, non deixaba de rosmar “home pequeno, fol de veleno”.*

Ninguén sabía por que repetía sempre aquela ladaiña. Un día a nai de Daniel, Elvira, foi vela e díxolle que lle facía moito dano ó rapaz dicindo en público ese refrán cada vez que se cruzaba con el.

A meiga ollouna con severidade e díxolle:

–Se queres digo que é normal e que ten o pelo roxo... dun roxo que non era seu pai. Pero coído que non che convén o cambio. O mellor é que me traías o xamón que tes colgado no patio e que eu siga dicindo o que queira, ¿non che parece? Elvira, alporizada, escapou a todo correr da casa da meiga, mais ó día seguinte foille levar cedo o xamón, para conxurar males maiores. Toña A Rabuda tiña sona de ser moi mala inimiga, porque acadara o poder de convencer a persoas e animais do que ela quería. Elvira nunca lle fora infiel ó seu home, pero ¿que podería ela contra a palabra de autoridade daquela maldita meiga?

Por iso capitulou sen protestar, non fose que a endiañada lle botase un meigallo dos que non se poden desfacer nin revirar. (Carlos G Reigosa: *A lei das ánimas. A novela da santa compañía*. Vigo. 2010. Ápud CORGA)

¹⁶ *Hay un diablo que se parece a otro.* (Correas)

¹⁷ *O lobo come tres meses, carne; tres, barro; tres, auga e tres, aire.* (TCh)

(223) «Ché» Manoel, ademais de xastre, era home pequeno e atufado no que se cumpría o refrán tan coñecido e verdadeiro, que di : «**Home pequeno fol de veneno**». E non quero dicirlles a vostedes coma tiña o fol o noso home. Fol de sapo, sen dúbida, que non de cobra, pro tan pezoñento coma il. Sete foron as veces que o «ché» Manoel pasou o Atlántico en viaxe de ida e volta. Sete vegadas camiñou de Vigo a Bos Aires, e d'alá trouxo un estrano acento criollo, e un desprezo considerábel polas cousas de súa terra ¡atrasada Galisia!, coma il decía. Pro tamén trouxo outras cousas máis: algúns cartos, unhas tesouras e dúas ducias de agullas pois convén ter en conta que o «ché» Manoel é xastre. Xastre e senvergoña. Senvergoña foi e máis senvergoña voltou (Xosé Fariña Jamarido: *Co sorriso nos beizos*. Vigo. Galaxia. 1969. Ápud TILG).

(224) Febreiro é o mes de máis mala sona. E poida que sexa unha inxusticia que se lle fai. Apóñenselle as máis faxeiras calidades, chámannelle uns **home pequeno fol de veneno**, téñeno outros por un tolitatis sin millaga de xuício. O seu carácter hirto e erguido, si o tivera, estaría xustificado dabondo polo mal fado que lle aceda a vida. Máilo que acontece é que sendo tan miúdo, extrana que poida facer con vinte e oito días o qu'os outros fan con trinta e trint'e un. Por pequerrecho non se lle quer concedere o dereito a argallar das súas, como se lle concede a seus irmáns. E para qu'as prevencións desaparezan, convén saber qu'a furtarlle o creto, contribuíno as vellas misteriosas, cursarias na maldade e na rexuba, que moran nos fraguíos, aniñadas entre o mesto brual das bouzas centenarias; as vellas derreadas, de mirar retorto, que botan o mal de ollo; as meigas chuchonas, que zupan o sangue das mozas belidas e escorreitas, deica deixálas caír no colo xelado da morte; a vella do arco policromo, sempre á cata das nenas bonitas, a vella que peneira a neve, exparexendo as folerpas ca axuda dos ventos nordesíos... Pois na recadádida dos ditos argallados por estas malas linguas, soletonas e rexubeiras, lese: "Unha vella dixo moito: **vaite Febreiroiño curto cos teus días vinte e oito, que si tiveras máis catro, non deixabas can nin gato, nin un corno de carneiro, nin orella ó pecoreiro**" (Victoriano Taibo: *Da agra aberta. Contos e lendas*. Vigo. 1956 Ápud TILG)

(225) Román, a iñorancia fainos coma vermes. A iñorancia é o porvir a base de patacas. Román, por eso temos medo por eso aturamos, por non saber, somentes por eso. Román ai, o que daría eu, **o que non sabe é o mesmo que o que non ve**. Román, si che tapan os ollos ¿cómo imos reparar na diferenza?, ¿cómo Román?, a ver, quén pode así. (Xohana Torres: *Adiós, María*. Buenos Aires. Ediciones Galicia. 1971. Ápud TILG)

En ocasións o autor reformula a paremia, de xeito que é máis complicada a súa identificación. Así, o coñecido refrán *Cada cabeza, súa sentenza* (VS)¹⁸ aparece convertido en Rosalía de Castro ("Dor alleo n'é meu dor", *Follas Novas*) en:

(226) (Un bon). - **Hai tantos homes como intencións e pensamentos hai.**

¹⁸ *Quot homines, tot sententiae*. (Terencio, *Formio*)

*Pero dichoso aquel que inda morrendo
ó que o matóu lle pode perdoar.*

Por certo que o título da composición remite tamén á paremioloxía popular: *O cuiro alleo non doi, Doo alleo colga de un pelo* (VS)¹⁹. En González e Soto (2004: 246-249) hai exercicios relacionados coa identificación de paremias na obra de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Castelao.

Outro exercicio útil, no que se combina o uso das novas tecnoloxías, é a procura nos principais corpus galegos (TILG, CORGA) de refráns coñecidos, dos que poden constituír o mínimo paremiolóxico, para comprobar o seu uso efectivo na literatura galega (autores, obras), o que permitirá seleccionar textos apropiados para facer exercicios como o anterior.

Pero, tanto como estes casos de uso accidental de paremias interésannos tamén aquelas obras nas que o refraneiro forma parte esencial do texto. Na literatura en lingua castelá (máis estudada, como se aprecia en Messina, 2012) esta corrente está representada por obras tan importantes como *A Celestina*, *O Lazarillo*, *Guzmán de Alfarache* ou *O Quixote* e ten antecedentes como o *Libro de Buen Amor* ou o *Corbacho*, e continuadores ata a actualidade (*Cinco horas con Mario*, Gálvez 2014).

Menos estudada, pero non menos significativa, tamén na literatura galega salientan as composicións nas que o refrán se converte no eixe organizador do texto. En *Cantares Gallegos*, Rosalía, que tanto bebe da fonte popular, utiliza a paremia *Onde moitos cospén, lama fan* (VS)²⁰ como peche das dúas partes en que organiza a composición 12:

- I -

*Vinte unha crara noite,
noitiña de San Xoán,
poñendo as frescas herbas
na fonte a serenar.
E tan bonita estabas
cal rosa no rosal
que de orballiño fresco
toda cuberta está.
Por eso, namorado,
con manso suspirar
os meus amantes brazos
boteiche polo van,
[...]
Pero dempois con outros
máis majos e galáns*

*(mais non que máis te queiran,
que haber, non haberá),
tamén, tamén, meniña,
soupeches practicar
á sombra dos salgueiros,
cabo do romeiral.
Por eso eu che cantaba
en triste soledá,
cando, ¡ai de min!, te vía
con eles parolar:
«Coida, miña meniña,
das prácticas que dás,
que **donde moitos cospén,
lama fan**».*

¹⁹ Esta paremia xa aparece no *Seniloquium* (*Mal ageno de pelo cuelga*) e en Santillana (*Duelo ajeno, cuelga de pelo*), e con eles aparece na literatura e en repertorios paremiolóxicos de maneira profusa, xunto coa paremia emparentada *Que ¿vos duelen Don Pedro cuchilladas en cuerpo ageno?* (*Seniloquium*), posteriormente *Poco duelen cuchilladas en cuerpo ageno* (Cantera e Sevilla, 2016).

²⁰ *Romancea proverbiorum*: “Do muytos escupen, laguna si face”.

- II -

[...]

*Ora, de dor ferida,
buscando a honriña vas,
a honriña que perdeches,
mais ¿quen cha volverá?
Eu ben, miña meniña,
ben cha quixera dar,
que aquel que ben te quixo*

*doise de verte mal.
Mais anque dir, eu diga,
que limpa, nena, estás,
respóndenme sorrindo
por se de min bulrar:
«Ben sabes, Farruquiño,
Farruco do Pombal,
que **donde moitos cospen,
lama fan**».*

Na súa época Rosalía non podía saber que este procedemento utilizado por ela xa fora empregado profusamente na lírica galego-portuguesa medieval, como sinalou Xosé Filgueira Valverde (1978).

Xustamente é da palabra provenzal *refranh*, que alude ao verso que se repite ao final das cobras, de onde xorde o termo que acabaría denominando entre nós as paremias de orixe popular. Pero non só nesa posición relevante, tamén ao comezo da composición ou ao final (*fiinda*) a lírica medieval acode a estas sentencias populares como elemento vertebrador en moitos dos seus textos (Arbor Aldea, 2002, Río Rianda, 2006). Deste xeito documentamos nos cancioneiros innumerables refráns, algúns perdidos, moitos vixentes, outros modificados no paso do tempo (partimos da edición da MedDB):

(227) *Castanhas exidas, e velhas per souto.* (Johan Garcia de Guilhade)

(228) *Cada casa, favas lavan.* (Johan Garcia de Guilhade)

(229) *Qual ricomen tal vassalo, / qual concelho, tal campana!* (Afonso Lopez de Baian)

(230) *Bon dia naceu, com[o] eu oi, / Quen se d'outro castiga e non de sí.* (Johan Airas)

(231) *Quen leva o baio, non leixa a sela.* (Alfonso X)

Vexamos un exemplo onde o autor menciona o verbo antigo “quen leve vai, leve x’ ar ven”²¹. A amada queixase de que o seu amigo se marchara sañudo, mais o refrán lle recorda que quen lixeiro vai tamén lixeiro ha volver:

(232) *Foi s’ o meu amigo daqui
sanhudo, por que o non vi,
e pesar m’ ia, mais oi
un verv’ antig’, e de mi ben
verdadeir’ é, ca diz assi:
“**quen leve vai, leve x’ ar ven**”
Per hũo soylo prazer vil
pesares vi ja mais de mil (Pero de Bardia [Berdia])*

²¹ Emparentado, aínda que discordante, recórdanos a paremia que recolle VS: *Dous andares ten o diñeiro: vén despaciño e vaixe lixeiro.*

Pero aínda que non o explicito o xogar, tamén a fiinda ten todas as características da paremia popular da que se coñecen variantes modernas *Por un pracer, cen doores* (VS).

Do mesmo xeito, unha coñecida paremia, *Lonxe dos ollos, lonxe do corazón* (VS)²², foi aproveitada por Fernando Esquío para negala reiteradamente (“nunca aqieste verv’ antig’ achev”), pois a distancia non menguou a súa coita, sensación que se ve acrecentada pola repetición da paremia como refrán:

(233) *Senhor, por que eu tant’ afam levey,
gran saçon ha, por Deus, que vus non vy
e pero mui lonje de vós vyvy,
nunca aqieste verv’ antig’ achev:
“Quan lonje d’ ollos, tan lonje de coraçon”.*
*A mynha coyta, por Deus, non á par
que por vós levo sempr’ e levarey,
e pero muy lonje de vós morey,
nunca pude este verv’ antig’ achar:
“Quan lonje d’ ollos, tan lonje de coraçon”.*
*E tan gran coyta d’ amor ey migo
que o non sabe Deus, mal pecado!
pero que vyvo muyt’ alongado
de vós, non acho este verv’ antigo:
“Quan lonje d’ ollos, tan lonje de coraçon”.*

Cando a paremia popular aparece no comezo da composición resalta o seu valor de verdade universal que determina o desenvolvemento do poema, ben para confirmar a súa aplicabilidade ben para rexeitala.

Así, Estevan Fernandiz d’Elvas acude a un refrán aínda vivo (*O ben e o mal á cara sae*, RM) como confirmación do que lle acontece, pois todo o ben que procede do rostro da súa dama redonda no seu mal, idea que desenvolve ao longo da composición:

(234) *O ouç’ eu dizer hũu verv’ aguysado:
que bem e mal sempre na face vem;
e verdad’ é, per com’ end’ a my avem
d’ hũa dona, hu tod’ est’ ey osmado,
ca de quanto bem na sa face vy
vem end’, amigos, tanto mal a mim,
per que o verv’ em meu dan’ é provado.
Da sa bondade e seu prez muy loado
e sa mesura, nem do seu bom sem
non mi vem mal, mays d’ outro muy gram bem
que eu, amigos, polo meu pecado
na sa fremosa face conhoci;*

²² *Quien lueñe de ojos, tan lueñe de coraçon* (*Seniloquium*), *Tan lueñe de ojos, tanto de corazón* (Santillana).

*por quanto mal end' a mim vem d' ali
está o verv' em meu dan' acertado.
De masel' e gramd' afam e cuydado
e gram coita que m' aficado tem,
de tod' este a mim non fal ende rem,
por qual doaire, -quam bem apostado!-
na sa face fremosa conhoci
com gram beldade, amigos, e assy
en meu dan' é o verv' afaçanhado.
E des entom, amigos, entendi
que este vervo, que eu senpr' ouvi,
hé com verdad' em meu dan' acabado.*

Na outra posición estratéxica, no final da composición a paremia popular actúa de reforzo argumentativo, condensado nun verso un saber compartido que serve de confirmación ou comprobación dos contidos expostos no texto.

Na seguinte composición, de Johan Soarez Coelho “o vervo *antigo* subliña a decisión adoptada pola muller ante a prohibición exercida pola *madre*” (Arbor, 2002: 80): *non semeou milho quen passarinhas receou*²³.

*(235) Oje quer' eu meu amigo veer;
por que mi diz que o non ousarei
veer mia madre, de pram vee-lo-ei
e quero tod' en ventura meter,
e dés i saia per u Deus quiser.
Por en qual coita mi mia madre ten
que o non veja, no meu coraçõ
ei oj' eu posto, se Deus mi perdon,
que o veja e que lhi faça ben,
e dés i saia per u Deus quiser.
Pero mi-o ela non quer outorgar,
i-lo-ei veer ali u m' el mandou
e por quanta coita per mi levou
farei-lh' eu est' e quanto m' al rogar,
e dés i saia per u Deus quiser.
**Ca diz o vervo ca non semeou
milho quen passarinhas receou.***

Pero o *vervo antigo*, a paremia popular, tamén pode actuar cun valor contrastivo ou irónico, o cal é frecuente no xénero de escarnho e maldizer, onde a influencia do rexistro coloquial ou oral da lingua é grande. No seguinte exemplo, Roi Queimado critica o mal comportamento de Don Marco, que non visitou un amigo enfermo, recordándolle que

²³ *Non semeou millo o que receou paxariños, Por medo ós gorrións non quedan sen sementa-los leiróns* (Soto Arias 2003); *Quen os paxaros recea, millo miúdo non semea* (VS).

debe esperar da outra parte o mesmo comportamento, en concomitancia co que di o refrán *Como lhi cantardes, bailarvos á*:

(236) *Don Marco, vejo eu muito queixar*
Don Estevan de vós, ca diz assi
que, pero foi mui mal doent'aqui,
que vós nunca quisestes traballar
de o veer, nen o vistes; mais ben
jura que o confonda Deus por én,
se vos esto per casa non passar.
Qual desden lhi vós fostes i fazer
nunca outr'om'a seu amigo fez;
mais ar assi faravol'outra vez:
se mal ouverdes, non vos ar veer,
ca x'é el ome que x'á poder tal,
ben come vós, se vos ar veer mal,
de vos dar én pelo vas'a beber.
Diz que o non guii Nostro Senhor,
se vos mui ced'outro tal non fezer:
non vos veer quando vos for mester,
poilo non vistes; aind'al diz peor,
un verv'antigo, con sanha que á:
“como lhi cantardes, bailarvos á”,
ca non á por que vos baile melhor.

De xeito semellante, Pero da Ponte recorre ao coñecido refrán *A boi vello non lle busques abrigo*²⁴ para ilustrar o ben que se desenvolve Marinha Crespa para saír adiante na vida:

(237) *Marinha Crespa, sabedes filhar*
eno paaço sempr'un tal logar,
en que an todos mui ben a pensar
de vós; e poren diz o verv'antigo:
“a boi velho non lhi busques abrigo”.
Eno inverno, sabedes prender
logar cabo de fogo, ao comer,
ca non sabedes que x'á de seer
de vós; e poren diz o verv'antigo:
“a boi velho non lhi busques abrigo”.
Eno abril, quando gran vento faz,
o abrigo este vosso solaz,
u fazedes come boi, quando jaz
eno bon prad'; e diz o verv'antigo:
“a boi velho non lhi busques abrigo”

²⁴ *Al buey viejo no le busques abrigo (Seniloquium), A buey viejo non cates abrigo (Santillana).*

Xa para rematar estas liñas, mencionaremos polo seu carácter peculiar unha composición de Afonso Soarez Sarraça. Nesta cantiga de escarnio persoal dirixida a Tereixa López de Ulloa polo seu casamento con Pero Mariño intercala no medio de cada estrofa senllos coñecidos refráns: *Ca dos escarmentados se fazen mais ardeiros*, *O que perdeu nos alhos quer cobrar nas cebolas* e *Ca dona de capelo de todo mal se cata*:

(238) *Poren Tareija Lópiz non quer Pero Marinho:
pero x' el é mancebo, quer-x' ela mais menino.
Non casará con ele nen polos seus dinheiros;
e isto saben donas e saben cavaleiros,
ca dos escarmentados se fazen mais ardeiros.
Poren Tareija Lópiz non quer Pero Marinho:
pero x' el é mancebo, quer-x' ela mais menino.
Non casará con ele, pola cobrir d' alfolas,
nen polos seus dinheiros velhos, que ten nas olas;
o que perdeu nos alhos quer cobrar nas cebolas.
Poren Tareija Lópiz non quer Pero Marinho:
pero x' el é mancebo, quer x' ela mais menino.
Non casará con ele por ouro nen por prata,
nen por panos de seda, quant' é por escarlata,
ca dona de capelo de todo mal se cata.
Poren Tareija Lópiz non quer Pero Marinho:
pero x' el é mancebo, quer-x' ela mais menino.*

5. Conclusións

Neste traballo ofrecemos unha serie de exercicios encamiñados a conseguir por parte do alumnado da educación primaria e, especialmente, da secundaria un dominio da competencia paremiolóxica (mínimo e óptimo paremiolóxico), da competencia lingüística e tamén da literaria. Para lograr tal fin presentamos unha serie de exercicios de distinto tipo (uns de recoñecemento, outros de desenvolvemento das capacidades oral e escrita) vinculados aos distintos niveis de análise: fónico, morfosintáctico, semántico, pragmático etc.

No ámbito literario mostramos como a paremioloxía facilita o recoñecemento das denominadas figuras literarias, ao tempo que amosamos como os refráns forman tamén parte da obra literaria, ben de xeito ocasional, ben convertidos en núcleo organizador do texto.

6. Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): “Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas”, en *Cadernos de fraseoloxía galega*, 4, 9-34.
- ARNAUD, Pierre J. L. (1991): “Réflexions sur les proverbes”, en *Cahiers de lexicologie*, 59, 5-27.
- BARCIA, Pedro Luis e PAUER, Gabriela (2013): *Refranero de uso argentino*. Buenos Aires: Emecé.
- BOUGHABA, Mohammed (2014): “Las unidades fraseológicas y la traducción de culturemas entre el español y el árabe”, en *Paremia*, 23, 209-216.
- BRIZ, Antonio (1993): “Los conectores pragmáticos en español coloquial (I): su papel argumentativo”, en *Contextos*, XI/21-22, 145-188.
- BUJÁN OTERO, Patricia (2003): “El refrán y su sombra (Faro de Vigo) por José Sesto”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4, 345-369.
- CAMPO MARTÍNEZ, María A. del (2001). “Los refranes en la enseñanza del español como lengua extranjera”, *Revista de estudios de adquisición de la lengua española*, 12, 9-29.
- CANTALAPIEDRA, Fernando e MORENO, Juan (eds.) (2006): *Diego García de Castro. Seniloquium*. Valencia: Publicacions de la Universitat de València.
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2009): «“Los adagios son evangelios breves”. Encendida réplica contra esta sentencia por parte del Padre Feijóo en su carta titulada “Falibilidad de los adagios”», en *Paremia*, 18, 21-30.
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús e SEVILLA MUÑOZ, Julia (2016): *Las paremias castellanas del Seniloquium*. Madrid: Centro Virtual Cervantes. Biblioteca fraseológica y paremiológica. Serie «Repertorios» N.º 1.
- CERVANTES, Miguel de (1605-1615 [2015]): *Don Quijote de la Mancha*. Edición y notas de Francisco Rico. Madrid / Barcelona: Real Academia Española / Espasa / Círculo de Lectores.
- COMBET, Louis (1996): “Los refranes: origen, función y futuro”, en *Paremia*, 5, 11-22.
- CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns*. Vigo: Galaxia.
- (2004): “La función represiva del refranero”, en *Paremia*, 13, 65-72.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1997): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- CORREAS, Gonzalo (1906 [1627]): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana en que van todos los impresos antes y otra gran copia que juntó el Maestro Gonzalo Korreas*. Madrid: Real Academia Española.
- COSERIU, Eugenio (1977): *Principios de semántica estructural*. Madrid: Gredos.
- CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto e SEVILLA MUNOZ, Julia (2015): “La problemática terminológica en los estudios paremiológicos”, en *Anuari de Filologia. Estudis de Lingüística*, 5, 67-77.
- DIK, Simon. C. (1978): *Gramática funcional*. Traducción de F. Serrano e L. Martín Mingorance. Madrid: SGEL.

- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij e Elizabeth PIIRAINEN (2005): *Figurative language: Cross cultural and cross-linguistic perspectives*. Oxford: Elsevier.
- FEIJOO, Fr. Benito Jerónimo (1750 [1774]): *Cartas eruditas, y curiosas, en que, por la mayor parte, se continúa el designio del Teatro Crítico Universal, impugnando, o reduciendo a dudosas, varias opiniones comunes*. T III. Madrid: Imprenta Real de la Gazeta.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1978): “A inserción do vervo antigo na literatura medieval”, en *Boletín Auriense*, 6: 365-366.
- GALLEGO BARNÉS, Andrés (2011): “Algunos aspectos de la impugnación de los refranes”, en *Paremia*, 20, 111-120.
- GÁLVEZ VIDAL, Alba María (2014): “Las paremias como recurso literario y su traducción”, en *Paremia*, 23, 45-55.
- GARCÍA BENITO, Ana Belén (2014): “Negócio da China, homem das Arábias, trabalhar como um galego...: estereotipos nacionales en la lengua portuguesa”, *Paremia*, 23, 69-78.
- GARCÍA-BORRÓN, Juan Pablo (2016): *Un viejo maestro de lengua: el refranero*. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- GÓMEZ GONZÁLEZ, Alba e UREÑA TORMO, Clara (2014): *Locuciones y refranes para dar y tomar. El libro para aprender más de 120 locuciones y refranes del español*. Alcalá de Henares: Publicacións da Universidade.
- GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2020): “Fraseología y lenguaje visual: traslación de unidades fraseológicas españolas al lenguaje visual en la prensa de actualidad”, en *Tonos Digital*, 39, 1-32. Disponible en <https://digitum.um.es/digitum/bitstream/10201/95962/1/2564-6990-1-PB.pdf> [Data de consulta: 19/11/2020].
- GRACIÁN, Baltasar (1657 [1980]): *El Criticón*. Ed. de Santos Alonso. Madrid: Cátedra.
- IÑESTA MENA, Eva M^a e PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Granada: Granada Lingvistica.
- JAKOBSON, Roman (1960): “Linguistics and Poetics”, en SEBEOK, Thomas (ed.): “Style in Language”. Cambridge / London: MIT / John Wiley & Sons, 350-377.
- JIMÉNEZ JULIÁ, Tomás (1986): *Aproximación al estudio de las funciones informativas*. Málaga: Ágora.
- KLEIBER, Georges (1989): “Sur la définition du proverbe”, en *Recherches Germaniques*, 2, 233-252.
- LAKOFF, George e JOHNSON, Mark (1986): *Metáforas de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra.
- LÁZARO CARRETER, Fernando (1980): *Estudios de lingüística*. Barcelona: Crítica.
- MAGNÉCHE NDÉ, Céline (2003): “Imágenes de la mujer en los refranes bánsos e españoles: enfoque contrastivo”, en *Paremia*, 12, 117-124.
- MANERO RICHARD, Elvira (2011): *Perspectivas lingüísticas sobre el refrán. El refranero metalingüístico del español*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- MedDB = BREA, Mercedes e LORENZO, Pilar (dirs.): *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades <www.cirp.gal/meddb> [Data de consulta: marzo-maio 2018].

- MESSINA FAJARDO, Luisa A. (2012): *Paremiografía, paremiología y literatura*. Roma: Nuova Cultura.
- (2017): *Apuntes de fraseología, paremiología, traducción y didáctica del español*. Barcelona: Avant.
- MOLINA REDONDO, José Andrés (1985): “En torno a la oración ‘compuesta’ en español”, en FERNÁNDEZ-SEVILLA, Julio; LÓPEZ MORALES, Humberto; DE MOLINA, José Andrés; QUILIS, Antonio y SALVADOR, Gregorio (eds.): *Philologica Hispaniensia in Honorem Manuel Alvar*, vol. II. Madrid: Gredos, 513-527.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada; PENADÉS MARTÍNEZ, Reme; HE, Xiaojing e OLIVEIRA SILVA, Eugênia Olímpio de (2008): *70 refranes para la enseñanza del español*. Madrid: Arco Libros.
- PRIETO DONATE, Estefanía (2009): “Refraneiro escolar galego do cambio de milenio”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 11, 305-369.
- RGB = FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.
- RGF = FERRO RUIBAL, Xesús (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. Vigo: La Voz de Galicia.
- RÍO RIANDE, María Gimena del (2006): “Acerca del *verv*’ antigo en la lírica gallego-portuguesa. Apuntes para el estudio del Cancioneiro del rey don Denis de Portugal”, en *VII Jornadas de Estudios Medievales y XVII Curso de Actualización en Historia Medieval*. Buenos Aires, setembro 2006. Disponible en <https://www.academica.org/gimena.delrio.riande/117> [Data de consulta: 10/05/2018]
- RM= SEVILLA MUÑOZ, Julia e ZURDO RUIZ-AYÚCAR, M. I. Teresa (dirs.) (2009): *Refranero multilingüe*. Centro Virtual Cervantes. <<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>> [Data de consulta: marzo-maio 2018].
- ROJO, Guillermo (1990): “Sobre los complementos adverbiales”, en *Homenatge al Prof. Francisco Marsá*, Univ. de Barcelona, 153-171.
- SABIO PINILLA, José Antonio e DÍAZ FERRERO, Ana María (2018): “Mínimo paremiológico do portugués europeu: correspondências e equivalências em Espanhol”, en ISQUERDO, A. N. e DAL CORNO, G. O. M. (eds.): *As ciências do léxico: lexicologia, lexicografía, terminologia*. Campo Grande: Editora UFMS, v. 8, 39-58.
- SANTAMARINA, Antón (coord.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza-Instituto da Lingua Galega. Versión electrónica actualizada disponible en <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>> [Data de consulta: marzo-maio 2018].
- SEVILLA MUÑOZ, Julia (1988): *Hacia una aproximación conceptual de las paremias francesas y españolas*. Madrid: Editorial Complutense.
- (2004): “O concepto ‘correspondencia’ na tradución paremiolóxica”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 221-229.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia e BARBADILLO, M.^a Teresa (2004): “Valor didáctico del refrán”, en *Paremia* 13, 195-204.

- (no prelo): *El mínimo paremiológico español*. Centro Virtual Cervantes: Biblioteca fraseológica y paremiológica. Serie «Mínimo paremiológico».
- SOTO ARIAS, M^a Rosario e GONZÁLEZ, Luis (2004): “Aplicacións didácticas dos refráns”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 6: 231-250
- SOTO ARIAS, María Rosario (2003): *Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego*. (*Cadernos de Fraseoloxía Galega* 3). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- TARNOVSKA, Olga (2004): “Consideraciones acerca del mínimo paremiológico español”, en *Letras de Hoje*, 39/1, 155-179.
- TCh = TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro Galego*. (*Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 2). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- TIMOFEEVA, Larissa (2012). *El significado fraseológico. En torno a un modelo explicativo y aplicado*. Madrid: Liceus.
- Ventín = VENTÍN DURÁN, José Augusto (2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. (Anexo 1 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VS = VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. (*Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 5). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- ZURDO, M.^a I. Teresa e SEVILLA, Julia (2016): *El mínimo paremiológico: aspectos teóricos y metodológicos*. Centro Virtual Cervantes: Biblioteca fraseológica y paremiológica. Serie «Mínimo paremiológico», https://cvc.cervantes.es/lengua/biblioteca_fraseologica/m1_zurdo/default.htm [Data de consulta: 23/05/2018].